Ademais, o artigo tamén prevé que unha parte da recadación se destine ao apoio económico ás administracións que teñen competencias na xestión do ciclo urbano da auga dentro da Comunidade Autónoma de Galicia. Isto inclúe os gastos que as entidades locais ou rexionais poidan ter na mellora das infraestruturas e na xestión do recurso hídrico.

Por último, o artigo tamén permite que os fondos se utilicen para cubrir calquera outro gasto necesario para o cumprimento das funcións que lle corresponden a Augas de Galicia, asegurando que a xestión do recurso hídrico se realice de maneira adecuada e conforme ás necesidades medioambientais e sociais.

No período 2012-2024, Augas de Galicia recadou en Toques 57.131,44 €.

Antes do 2012 non existía como tal o canon da auga. O decreto relativo ao canon publicouse no 2012".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 8:34:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 28425
Data envío: 14/07/2025 08:34:22.463

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 23448**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don José Ramón Gómez Besteiro, sobre **"a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Gomesende polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como recolle a Lei 9/2010, de Augas de Galicia (artigo 44), os fondos recadados polo canon da auga deben ser destinados a varios programas de gasto con fins específicos.

En primeiro lugar, os recursos deben empregarse na prevención da contaminación das augas e na recuperación e mantemento dos caudais ecolóxicos, esenciais para asegurar a sustentabilidade ambiental dos ecosistemas acuáticos.

A segunda finalidade é garantir a consecución dos obxectivos medioambientais definidos pola lexislación e pola planificación hidrolóxica, apoiando así o financiamento dos custos asociados ao investimento, explotación e xestión das infraestruturas hídricas necesarias para manter o ciclo da auga de maneira eficiente e sostible.

Ademais, o artigo tamén prevé que unha parte da recadación se destine ao apoio económico ás administracións que teñen competencias na xestión do ciclo urbano da auga dentro da Comunidade Autónoma de Galicia. Isto inclúe os gastos que as entidades locais ou rexionais poidan ter na mellora das infraestruturas e na xestión do recurso hídrico.

Por último, o artigo tamén permite que os fondos se utilicen para cubrir calquera outro gasto necesario para o cumprimento das funcións que lle corresponden a Augas de Galicia, asegurando que a xestión do recurso hídrico se realice de maneira adecuada e conforme ás necesidades medioambientais e sociais.

No período 2012-2024, Augas de Galicia recadou en Gomesende 14.174,53 €.

Antes do 2012 non existía como tal o canon da auga. O decreto relativo ao canon publicouse no 2012".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 8:33:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 28424
Data envío: 14/07/2025 08:34:07,607

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 23493**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don José Ramón Gómez Besteiro, sobre **"o investimento total de Augas de Galicia no concello do Pino entre 2009 e 2024"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"O investimento total no Pino entre os anos 2009 e 2024 é de: 3.567.012,50€".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 22:24:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29526
Data envío: 23/07/2025 22:24:05.592

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 23501**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don José Ramón Gómez Besteiro, sobre **"o investimento total de Augas de Galicia no concello de Oia entre 2009 e 2024"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"O investimento total en Oia entre os anos 2009 e 2024 é de: 1.400.332,82€".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 22:23:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29525
Data envío: 23/07/2025 22:23:49.830

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 23589**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir o cumprimento da lexislación vixente en materia de prevención de incendios forestais no Carballiño"**, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A lei 3/2007 de prevención e defensa contras os incendios forestais define no seu artigo 20.bis as redes primarias de xestión de biomasa, indicando que será obrigatorio para as persoas responsables "Ao longo da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Ademais, nos ditos terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira".

Polo tanto, son éstas as obrigas establecidas dende o punto de vista dos incendios forestais, limitadas á zona de dominio público, non á multitude de propiedades particulares que podían lindar coas estradas. A perigosidade para a circulación por presenza de árbores caídas ou invasión de ramas é un aspecto distinto ao da perigosidade por incendios forestais.

Xa en concreto para a estrada e tramo en cuestión, nas súas marxes practicamente non se aprecian restos recentes de árbores ou ramas caídas. Nas beiras da estrada se realizan rozas mecanizadas; no momento actual en que a vexetación medra con gran vigor e tendo en conta que aínda non se realizou a súa roza non presenta un porte excesivo. Ademais, sendo unha zona na que as acacias son especialmente abundantes ao longo do percorrido desta vía de comunicación a súa presenza é bastante reducida.

Ao longo do trazado as masas arboradas existentes están compostas principalmente por frondosas autóctonas (carballos, castiñeiros...) en estado de fustal e que polo xeral superan os 50 anos de idade. Tamén existe unha representación de Pinus pinaster (piñeiro do país) en estado de fustal e con idades superiores aos 30-40 anos. A carga de biomasa existente nestas masas é moi reducida grazas ao control que o arborado exerce sobre a mesma. Tanto os piñeiros coma as frondosas presentan unha altura considerable do seu fuste libre de ramas. Tendo en conta o anterior e pesar de que algunhas árbores se atopan próximas á estrada no caso de producirse un incendio a súa propagación será menor ca se este arborado non estivese presente.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En canto á seguridade para a circulación dos vehículos non parece que a vexetación existente condicione a visibilidade ou a circulación destes, salvo no caso de vehículos dunha altura considerable que poderían rozar con algunha das ramas que sobrevoan a estrada. Estando sempre presente a posibilidade de que poida caer sobre a estrada algunha árbore para eliminar este risco, tendo en conta as dimensións do arborado, sería preciso actuar nunha faixa de 15-30 metros a cada lado da zona de rodadura o que implicaría unha actuación moito máis aló das faixas que establecen as leis de incendios e montes.

Por último, indicar que non se ten constancia de que ningunha das persoas propietarias e/ ou veciños da contorna contactase con persoal do distrito forestal ou servizo de prevención de incendios forestais con relación a este asunto.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 18:08:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29396
Data envío: 22/07/2025 18:08:30.971

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 23998**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e don Carlos López Font, sobre **"as condicións da estrada AC-453 entre Roxos e Portodemouros e as previsións que ten a Xunta de Galicia en canto á execución de obras para unha mellora da súa seguridade viaria"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada AC-453 entre Roxos e Portodemouros ten unha lonxitude de 11,74 km, discorrendo polo Concello de Val do Dubra entre os PP.QQ. 11+260 e 11+740, cun tráfico rodado estimado de 2.318 vehículos ao día, e polo Concello de Ames polo treito comprendido entre o P.Q. 0+800 e o P.Q. 11+240 da estrada, cun tráfico rodado medio diario de entre 1.900 e 3.500 vehículos ao día.

A Xunta de Galicia xa ten actuado nesta estrada con anterioridade, priorizando sempre o estado da mesma e a seguridade viaria:

No 2022 levouse a cabo un reforzo de firme localizado na totalidade da estrada, estendéndose unha nova capa de rodadura, repoñéndose a sinalización horizontal e balizamento e repintáronse as zonas onde se realizou o fresado e reposición, cunha achega de case de 500.000 € entre os dous Concellos.

Un reforzo de firme no 2018 ao longo de 5km no Concello de Ames.

A rehabilitación do firme en 2013 en 11 km de estrada, dende Roxos ata Portomouro, por máis de 600.000 €".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:56:52
Nº Rexistro: 28835
Data envío: 16/07/2025 12:56:52.518

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:56:52

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24252**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o funcionamento do modelo de defensa contra os incendios forestais baseado na constitución de brigadas municipais"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 24248 e debatida na Comisión 7ª do día 27 de xuño de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzkwNjBhMTEtMjA3Ni00MGNmLWJjMGQtZGUwZGU4YjkzOWRi>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:47:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29496
Data envío: 23/07/2025 08:47:48,973

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24368**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e don Carlos López Font, sobre **"o estado e os datos de sinistralidade da AC-453 no tramo entre Roxos e Portomouro e as actuacións previstas pola Xunta para mellorar a súa infraestrutura e seguridade viaria"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada AC-453 entre Roxos e Portodemouros ten unha lonxitude de 11,74 km, discorrendo polo Concello de Val do Dubra entre os PP.QQ. 11+260 e 11+740, cun tráfico rodado estimado de 2.318 vehículos ao día, e polo Concello de Ames polo treito comprendido entre o P.Q. 0+800 e o P.Q. 11+240 da estrada, cun tráfico rodado medio diario de entre 1.900 e 3.500 vehículos ao día.

A Xunta de Galicia xa ten actuado nesta estrada con anterioridade, priorizando sempre o estado da mesma e a seguridade viaria:

No 2022 levouse a cabo un reforzo de firme localizado na totalidade da estrada, estendéndose unha nova capa de rodadura, repoñéndose a sinalización horizontal e balizamento e repintáronse as zonas onde se realizou o fresado e reposición, cunha achega de case de 500.000 € entre os dous Concellos.

Un reforzo de firme no 2018 ao longo de 5km no Concello de Ames.

A rehabilitación do firme en 2013 en 11 km de estrada, dende Roxos ata Portomouro, por máis de 600.000 €".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:56:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:56:46
Nº Rexistro: 28833
Data envío: 16/07/2025 12:56:46,538

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24395**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"a valoración e a xustificación por parte da Xunta de Galicia do nivel de execución do crédito do Instituto Galego da Vivenda e Solo de 2024 para os programas de vivenda"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Como ben saben os autores da pregunta, porque xa foi explicado multitude de veces, para analizar a execución orzamentaria do IGVS hai que ter en conta os diferentes fondos que compoñen o orzamento do IGVS:

- **Os fondos de execución anual**, que se corresponden co gasto de **fondos da comunidade autónoma (FCA)** dos cales a execución computa na fase de pago.
- **Os fondos de execución plurianual**, que se corresponden con **fondos externos** (Transferencias finalistas do Estado -TFE- e fondos do Mecanismo de recuperación e Resoliciencia -MRR-), dos cales a execución computa en fase D, que é o momento da concesión da axuda, xa que a execución das obras e os pagos fanse normalmente nas seguintes anualidades pola propia natureza das actuacións. A estes efectos, incorpóranse anualmente e non se perden.
- **Fondo de cooperación cos concellos**. Extrapresupostario, financiados con fianzas de arrendamentos depositadas no IGVS e que non computan na execución orzamentaria.
- **Fondos de imposible execución**, pendentes de liquidación co ministerio. Trátase de fondos destinados a axudas concedidas que os adxudicatarios non xustificaron ou aos que renunciaron. Fundamentalmente son fondos dos Plans Estatais de Vivenda, cuxa execución computa en fase de compromiso (D), así se establece nos convenios asinados entre a comunidade autónoma e o Estado a efectos de xustificar o emprego dos fondos transferidos.
- **Fondos do Plan de Transformación e Resiliencia (MRR)** cuxa execución computa en fase de compromiso (D).

Os datos contidos nas contas do IGVS indican que en 2024 a execución do programa 451 A foi do 95,66 por cento e a do programa 451 B do 78,29 por cento.

Quitadas as contías non executables, no programa 451A quedou un crédito vixente de 167.884.650,49 euros. Os fondos que se consideran executados en fase OK (fondos autonómicos) acadaron o 91,55 por cento e os que se consideran executados en fase D o 86,87 por cento no caso de fondos estatais e o 99,10 no caso de fondos MRR.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Polo que respecta ao programa 451B, o orzamento executable foi de 91.977.969,16 euros. Os fondos autonómicos executáronse nun 81,35 por cento, os estatais nun 68,81 e os MRR nun 88,28 por cento.

De forma conxunta, o crédito executable dos dous programa era de 259.862.619,65 euros, unha vez restados os fondos de imposible execución e os correspondentes ao fondo de cooperación cos concellos, que non computa na execución orzamentaria. Dese total executáronse 232.604.386 euros, o que supón o 89,51 por cento.

Polo que respecta á modificación de crédito, os incrementos corresponden fundamentalmente a:

Programa 451A

Devolución do remanente de tesourería do ano 2023.

Incremento do crédito do capítulo I.

Xeración de créditos do Fondo de cooperación cos concellos para actuacións de rehabilitación.

Incorporación de fondos finalistas remanentes do ano anterior.

Incorporación de fondos MRR remanentes de anos anteriores.

Ampliación dos fondos MRR asignados a Galicia.

Programa 452B

Incremento de fondos autonómicos, nos que se inclúe a xeración de crédito do Fondo de cooperación para actuacións de rehabilitación.

Incorporación de remanentes de fondos MRR.

Ampliación de crédito para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/07/2025 10:05:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2025 10:05:20
Nº Rexistro: 29296
Data envío: 22/07/2025 10:05:20.383

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24404**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia para incrementar os orzamentos destinados á mellora da seguridade viaria na estrada AC-173 e a súa coordinación co Concello de Oleiros"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Os plans para a mellora da seguridade viaria son unha prioridade absoluta para o Goberno Galego, e abranguen unha multiplicidade de ámbitos.

Pola estrada AC-173, que discorre polo Concello de Oleiros entre Santa Cruz e Mera, circulan diariamente unha media de entre 3600 e 5300 vehículos. Así mesmo esta estrada xa foi froito de acometidas ao longo dos últimos anos entre as que destacan:

Unha rehabilitación superficial do firme, no último km da AC-173, durante o ano 2013 por 0,67 M€.

Acometeuse a rehabilitación do firme mediante reparacións localizadas con fresado e reposición en 7 km da AC-173 no 2016, cun investimento aproximado de 0,25 M€.

Un ano antes, no 2015, levouse a cabo unha reposición de firme e a extensión de microaglomerado nuns 4 km da AC-173 ao seu paso por Oleiros.

O Concello de Oleiros é un titular case que maioritario da AC-173, xa que os primeiros 4km lle foran transferidos en 2017; cuxa acta de entrega foi asinada con data de 11/10/2017. Así como unha franxa de dominio público viario na marxe dereita da AC-173, PP.QQ. 6+680 ao 6+930, tamén lle foi transferida ao concello de Oleiros .

Dende 2021, a Axencia Galega de Infraestruturas recibiu numerosas solicitudes para a disposición dun paso peonil á altura do P.Q. 5+260 na estrada AC-173.

O servizo Provincial da AXI en Coruña analizou unha petición que fixera o Concello e informouna desfavorablemente, por non cumprirse os requisitos técnicos necesarios para a sinalización do paso, xa que a normativa indica que para colocar un paso, este debe situarse nun treito urbano; cunha velocidade de 50km/h e a liña do eixo continua, sen adiantamento; con beirarrúa; e restrición de aparcamento 10 metros antes do paso de peóns.

A Xunta ofreceu ao Concello de Oleiros asumir a titularidade do tramo de dous quilómetros da AC-173 dende Santa Cruz ata Arillo, mellorando previamente a vía cun investimento de 0,31 M€.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O proxecto, do que se encargaría a Xunta, incluía a renovación da sinalización horizontal e bandas transversais de alerta previas ao paso de peóns, así como elementos redutores de velocidade (como o son os chamados lombos de asno) máis unha nova capa de rodadura no tramo.

O Concello de Oleiros rexeitou unilateralmente este proxecto que se lle propuxo para actuar nun problema que eles pretendían resolver cunha solución que podería ofrecer unha falsa seguridade e crear posibles situacións de risco.

A Xunta avoga por axudar aos usuarios das vías de titularidade autonómica en todos os seus aspectos, dende uns firmes axeitados para os vehículos, ata a creación de beiravías e outras disposicións seguras para os peóns.

Para superar calquera situación de risco, precísase da máis estreita das colaboracións entre administracións, e non que unha actúe de forma unilateral e imprevisible como o Concello de Oleiros.

Así mesmo adxuntamos enlace onde consultar a resposta dada na Comisión 2º do pasado día 19 de xuño referente ao mesmo asunto:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Njc2NWU3NjUtZTBlyl00ZTlyLTlmMjEtOWRhMzRhOTQzMDE2&start=3109>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:47:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29495
Data envío: 23/07/2025 08:47:42.665

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24420**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de financiar a instalación de beirarrúas e carrís bici en Oleiros e a valoración que fai da seguridade peonil e ciclista en dito concello"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Axencia Galega de Infraestruturas demostra o seu compromiso cada ano na búsqueda de espazos seguros e axeitados para todos os usuarios das nosas vías. Así, a Estratexia Galega de Mobilidade conta cun obxectivo aspiracional que consiste en transformar o modelo de mobilidade en Galicia para pasar a un máis funcional, máis sostible ambiental e economicamente e máis seguro, apoiándose para iso na innovación tecnolóxica.

De feito o Plan de Sendas de Galicia é un dos instrumentos cos que o Goberno galego conta para dotar de sendas seguras para peóns e ciclistas.

O Concello de Oleiros xa se beneficiou de 2000 m de sendas peonís nos últimos anos, cunha inversión total de 1 M€.

Ademais, estase a traballar nunha nova fase do Plan de sendas de Galicia, na que se inclúe a comarca da Coruña, e neste marco levaranse adiante os treitos de senda máis prioritarios dende o punto de vista técnico, tamén no Concello de Oleiros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:47:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29494
Data envío: 23/07/2025 08:47:36.236

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24432**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, sobre **"a previsión do Goberno galego de implementar un Plan de Mellora Educativa a partir dunha mesa de traballo na que participen os diferentes actores do sistema educativo e que permita dotar aos centros de ensino de profesorado e especialistas, recuperar os dereitos do profesorado acadados no acordo de 2007 e reducir o ratio do alumnado nas aulas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á interpelación con número 24427 e debatida no Pleno do Parlamento, o 9 de outubro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YWM0ODZiNTEtNTE3MS00MTk0LTkxNjAtY2IzYjQ5MjM0NThh&start=8716.143>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:56:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:56:40
Nº Rexistro: 28832
Data envío: 16/07/2025 12:56:40.350

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24505**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"os motivos polos que a Xunta de Galicia destina soamente 250.000 euros á Vía Ártabra"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A prioridade da Xunta de Galicia é retomar o proceso para conexión coa AP-9, e a medio prazo chegar á conexión coa A-6.

A Xunta executou a conexión da Vía Ártabra coa N-VI en Iñás. Esta parte xa executada baseouse, fundamentalmente, en completar o enlace a tres niveis coa N-VI, que quedou preparado para a súa prolongación cara a AP-9.

A Xunta está a traballar no desenvolvemento dun novo trazado (de nome Autovía AG-13 (Vía Ártabra). Treito NVI-AP-9) nun proxecto que ten en conta o trazado xa executado do anterior proxecto.

Este proxecto, con base no que contaba xa co informe favorable do Ministerio de Transportes para o enlace coa AP-9, incluírá:

Enlace coa AP-9: un enlace en semitrébol, cunha única estrutura.

Redución da afección ambiental á área Húmida de A Gándara.

Optimización do deseño do enlace coa estrada AC-221.

O proceso para continuar coa Vía Ártabra está previsto do seguinte modo: Someterase de novo a información pública o proxecto de trazado do treito entre a N-VI e a AP-9, que contaba xa co informe favorable do Ministerio de Transportes no que se refire á súa conexión coa AP-9. Este proxecto de trazado someterase tamén a avaliación de impacto ambiental.

No momento actual estase a supervisar o proxecto de trazado entregado.

Prevese que tralo verán se inicie a tramitación e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas traballa para poder someter o proxecto de trazado a información pública antes de que remate o ano.

En canto á cantidade que se recolle nos orzamentos da Xunta de Galicia, é a axeitada para o estado actual de desenvolvemento da actuación, e xa se prevé unha consignación plurianual para a execución da obra".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:47:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29493
Data envío: 23/07/2025 08:47:29.701

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24508**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font , sobre **"as intervencións concretas que se realizarán nos entorques do viario local coa glorieta planificada na intersección da estrada autonómica AC-862 coa AC-115, así como a consideración que fai o departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia para outras actuacións nas vías da súa contorna, os criterios de encaixe da glorieta e o inicio da execución do proxecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas adxudicou por un importe de 341.500 euros as obras de execución dunha glorieta na estrada da AC-862 coa AC-115 en Xuvia, no concello de Neda o pasado 21 de Xuño.

Este contrato, adxudicado á empresa José No Mantiñán e Hijos Construcciones, ten o obxectivo de comezar as obras entre finais de xullo e principios de agosto.

A Xunta prevé ter executadas as obras para finais de este ano, ao contar cun prazo de execución de 5 meses e ter realizados os actos expropiatorios necesarios para executar as obras.

O obxectivo da actuación é incrementar a fluidez do tráfico na intersección entre a vía autonómica AC-862 e a AC-115, en Neda, actualmente regulada por semáforos.

Trátase da execución dunha nova glorieta á altura do punto quilométrico 7+280 da estrada AC-862, que terá unha circunferencia de radio 16 metros no anel exterior da calzada, e 8 metros de diámetro no anel interior e permitirá regular a intersección actual dun modo máis funcional e seguro, contribuíndo á redución da velocidade nesa contorna.

A actuación incluírá a continuación dunha beirarrúa accesible ao longo da AC-862, cara á marxe esquerda da estrada autonómica.

A intervención completárase coa obra dunha nova beirarrúa dun ancho mínimo de 1.80 metros, xunto coa conformación dunha zona verde no entroncamento do camiño municipal".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:47:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29492
Data envío: 23/07/2025 08:47:24.066

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24489**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"o prazo previsto para rematar as obras de mellora na estrada PO-308 no seu paso polo concello de Poio e a previsión que fai a Xunta de Galicia de destinar novas inversións nesta estrada"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada PO-308 ten unha lonxitude de 28,48 Km. Discorre polo Concello de Poio nos primeiros 11,89 Km, polo Concello de Sanxenxo nos 16,55 Km seguintes (PK 11+900 ao 28+450) e polo Concello do Grove nos últimos 30 m.

Ten un tráfico medio diario de entre 9.672 e 16.183 veh./día, dependendo do treito.

Esta estrada ten sido e é obxecto de numerosas e importantes acometidas que en prol da seguridade viaria e a mobilidade. Compre recordar que dende a AXI xa se actuou con anterioridade na PO-308:

Co Plan de Seguridade viaria na contorna de TCA na PO-308, PQ 8+700 a 12+700 cun investimento de 1,22M € no ano 2020, no tramo comprendido entre o PK 8+230 (intersección coa rúa ao peirao do Covelo) e o PK 12+450 (miradoiro da Granxa), a través da mellora de interseccións.

O itinerario peonil e ciclista na PO-308 no treito entre O Covelo-Raxó P.q. 8+190 a 11+890 cun investimento de 1,58 M€, rematada no ano 2020.

Recentemente, no mes de Xuño, rematamos a obra viaria para a mellora da mobilidade sostible cun orzamento de 1,75 M€. A actuación consistiu na execución dun itinerario peonil e ciclista entre o P.Q. 3+500 e o 5+150 da estrada PO-308, entre Fontenla e Combarro.

Por outro lado está a renovación do firme na PO-308, xunto tamén coa PO-303 cun orzamento total de 3,3 M€. No concello de Poio actúase na PO-308 (PP.QQ. 0+000-3+500 e 5+500-9+000) e na PO-303 (PP.QQ. 1+000-2+580) cun orzamento estimado 0,23M€.

Ademais existe un convenio de colaboración entre a AXI e o Concello de Poio para a humanización da estrada autonómica PO-308 ao seu paso polo Concello de Poio 1ª fase, onde a aportación da AXI elévase aos 1,2 M€.

E, ademais, a Xunta de Galicia ten planificada para a súa execución a curto prazo unha nova e importante senda na PO-308 no concello de Poio, neste caso entre Combarro, Chancelas e Samieira".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:56:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:56:34
Nº Rexistro: 28831
Data envío: 16/07/2025 12:56:34.560

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24533**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Carmela González Iglesias, sobre **"a situación da sinistralidade, do volume de tráfico, do impacto ambiental e acústico e dos estudos destas cuestións en relación á estrada PO-331 no seu paso pola parroquia de Vincios, no concello de Gondomar, así como a previsión que fai o Goberno galego de reverter os seus aspectos máis negativos, incluíndo un proxecto de urbanización deste treito e a súa conversión en travesía urbana, e máis da liberación das peaxes da AG-57 e os efectos que isto tería no tráfico da PO-331"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Os plans para a mellora da seguridade viaria son una prioridade absoluta para o Goberno Galego. Nestes plans, unha liña de actuación foi a eliminación de tramos de concentración de accidentes, que tivo orixe nun acordo do Pleno do Parlamento, na sesión do día 4 de outubro de 2017, que se aprobou por unanimidade.

Cabe recordar que a PO-331 ten unha lonxitude total de 18,37 km; o treito da estrada que pasa por Gondomar é o comprendido entre o PQ 11+850 e o final da estrada, no cruzamento coa PO-340. Soporta un tráfico rodado medio de entre 10.700 e 15.700 vehículos ao día dependendo do tramo.

O seu paso por Vincios foi un TCA identificado para a estratexia de erradicación, pero era unha actuación complexa, cun compoñente de travesía e outra en contorna industrial, polo que se encargou a redacción do proxecto "Mellora da seguridade viaria na contorna do treito de concentración de accidentes na PO-331, do pk 11+200 ao pk 14+600".

Someteuse a información pública en xaneiro de 2018, e incluía medidas para evitar movementos que provocasen situacións de risco e que diminuísen a velocidade de dos vehículos.

A Axencia Galega de Infraestruturas mantivo varias reunións cos veciños que presentaron alegacións ao respecto do proxecto, e tamén co concello de Gondomar, polo que se modificou o proxecto para recoller todas as solicitudes tecnicamente viables de veciños e concello no treito de Vincios, someténdose a unha nova información pública durante o mes de agosto de 2018.

A pesar deso recibíronse novas alegacións e escritos na segunda información pública en contra do proxecto, e en especial porque a pesar de que a solución se traballara co concello, este posicionouse publicamente en contra da solución para a travesía de Vincios.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En consecuencia, e ante a falla de consenso decidiuse deixar sen efecto o treito correspondente ao núcleo de Vincios, onde a mellora da seguridade viaria se acometería cando o Concello de Gondomar acadase o consenso necesario cos veciños.

O ámbito do proxecto quedou circunscrito ao ámbito do treito de concentración de accidentes comprendido entre os puntos quilométricos 11+700 a 12+400, correspondente ao treito do Polígono Industrial da Pasaxe. O investimento realizado foi de 352.421,15 €, cuns traballos que se iniciaron o 23/07/2020 e remataron en decembro de 2020. O resultado da actuación foi moi positivo, como tamén o tivera sido a actuación na travesía de Vincios.

A Xunta de Galicia tiña entre as súas prioridades actuar para a mellora da seguridade viaria da PO-331. A súa proposta pode considerarse o proxecto sometido a información pública, na súa versión mellorada coas achegas de veciños e concello. Pero non podía levala a cabo sen que houbera consenso para materializala.

No referido as previsións da Xunta de Galicia acerca do eventual rescate en 2025 da autovía AG-57 (Vigo-O Val Miñor) foi obxecto de debate e contestada por parte do director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez Iglesias, na iniciativa do PSOE nº17283 sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para iniciar as accións necesarias co fin de conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica AG-55 e AG-57, que foi debatida en Comisión 2ª na sesión do día 05.02.2025 (12/POC 002959) que pode ser consultada no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/uIKSYJ05XUpvmubI57BmBju96MMajSm8ki789pC83YuhjCL3>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 14:46:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 28522
Data envío: 14/07/2025 14:46:33,190

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24716**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e don Carlos López Font, sobre **"as condicións da estrada local que conecta Silleda co santuario da Saleta e as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á garantía da seguridade para o tránsito de peóns"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Garantir a seguridade viaria nas estradas galegas é un compromiso firme que mantén a Xunta de Galicia.

O Plan de Sendas de Galicia é un dos instrumentos cos que o Goberno galego conta para dotar de sendas seguras para peóns e ciclistas.

O Consello da Xunta autorizou o día 7 de Xullo a sinatura do acordo de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Silleda para o financiamento do proxecto de mellora da mobilidade peonil na avenida do Parque, que suporán un investimento de preto de 750.0000 euros, e que se atopa moi próxima ao citado Santuario.

Coa actuación obxecto do convenio autorizado, a Xunta ten como obxectivo apoiar ao Concello de Silleda na busca dunha transformación integral da contorna, coa modernización das infraestruturas, a creación de novos espazos públicos accesibles e a mellora da eficiencia dos servizos urbanos.

O Goberno galego contribuirá á financiación das intervencións coa achega do 14% do orzamento con preto de 105.000€, axudando así a completar a axuda da concedida pola Deputación provincial de Pontevedra por importe de preto de 598.000€, equivalente ao 80% do investimento previsto no proxecto, correspondendo o resto ao Concello.

Ademais, estase a traballar nunha nova fase do Plan de sendas de Galicia, na que se inclúe a comarca do Deza, e neste marco levaranse adiante os treitos de senda máis prioritarios dende o punto de vista técnico, tamén no Concello de Silleda".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:56:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:56:28
Nº Rexistro: 28830
Data envío: 16/07/2025 12:56:28.545

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25051**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López e don Carlos López Font, sobre **“o grao de execución actual da vía de alta capacidade Costa Norte e as previsións da Xunta de Galicia respecto das diferentes variantes desta infraestrutura na Mariña luguesa, especialmente da que enlaza con Viveiro”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Para a Xunta, a VAC Costa Norte é un compromiso e seguimos a traballar cunha actuación estrutural a medio prazo, en cuxo proxecto construtivo está a traballarse, pero que ten os seus prazos e por iso a Xunta apostou por unha estratexia centrada a curto prazo na mellora da rede de estradas en Ferrolterra, Ortegal e Mariña, que se está materializando.

Termináronse os acondicionamentos e mellora da AC-100 en Mañón, da AC-566 en Valdoviño e da AC-110 nas Somozas.

Completamos as dúas fases do acondicionamento da AC-862

E licitamos e xa iniciou a súa execución a primeira fase de acondicionamento da LU-540 entre Viveiro e Cabreiros

En conxunto, un investimento de máis de 30 M€ na rede de estradas para unha mellora substancial a curto prazo destas comarcas.

Non hai que esquecer tamén que para a planificación da VAC Costa Norte por parte da Xunta ten que estar completa Autovía da Mariña, A-74, por parte do Goberno do Estado, xa que é a vía fundamental para dar acceso á comarca da Mariña á rede viaria de Alta Capacidade, poñendo así en valor o tramo Celeiro – San Cibrao que a Xunta executou”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/07/2025 13:01:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:02:00
Nº Rexistro: 29263
Data envío: 21/07/2025 13:02:00.110

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25285**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López e don Carlos López Font, sobre **"a prolongación das beirarrúas ao longo da travesía de Cangas de Foz e a participación da Xunta de Galicia na mellora da seguridade viaria desta localidade"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Estrada LU-162 ten unha lonxitude de 12,4 Km, discorre polo Concello de Foz o treito da estrada comprendido entre o PK 7+280 e o PK 12+400 e soporta un tráfico diario de algo máis de 1.4000 veh./día. Trátase dunha infraestrutura que comunica o Concello focense ca veciña Ferreira de O Valadouro.

Dende o ano 2013 véñense realizando obras na LU162 en Cangas de Foz con sucesivos contratos por valor de 0,51 M€ que foron mellorando estas beirarrúas:

Dotación de beirarrúas na estrada LU-162 1ª fase Cangas de Foz-Lugo. Treito I: PK 11+945 ao PK 12+460. (2013).

Dotación de beirarrúas na estrada LU-162, 2ª fase Cangas de Foz-Lugo. Treito 2. Dende o PK 11+370 ao PK 11+945 pola marxe esquerda, e 460 metros pola marxe dereita dende o PK 11+385 ao PK 11+945 (2015).

Dotación de beirarrúas na estrada LU-162. 3ª fase (Cangas de Foz). entre os 11+370 e PK's e12+460 (2016).

Dotación de beirarrúas na estrada LU-162. 4ª fase (Cangas de Foz). P.Q. 11+125 a 11+200 na marxe esquerda e 11+145 a 11+250 na marxe dereita (2023).

Ademais no 2011 levouse a cabo o reforzo do firme e mellora de seguridade viaria neta estrada por valor de 2,1 M€.

Avaliarase a prolongación das devanditas beirarrúas en próximas fases de execución, en función dos recursos dispoñibles e as necesidades globais da rede autonómica de estradas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:56:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:56:22
Nº Rexistro: 28829
Data envío: 16/07/2025 12:56:22.156

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25301**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Sonia Vidal Lama, sobre **"a execución do Plan estratéxico da planta ornamental e da flor cortada 2024-2034 e os plans do Goberno galego para promocionar este sector"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O sector da planta ornamental e da flor cortada de Galicia está entre os máis importantes de España. En consonancia co isto, a Consellería do Medio Rural presentou a comezos de 2025 a Estratexia da Planta Ornamental e da Flor Cortada de Galicia 2025-2035, co fin de definir medidas concretas que afiancen e promovan o desenvolvemento destas producións.

Na elaboración desta estratexia participaron os axentes da cadea de produción, como máximos coñecedores das oportunidades e eivas que ten neste momento a produción primaria vexetal e a comercialización, tanto interior coma exterior.

A estratexia define cinco obxectivos específicos e quince medidas, que á súa vez se articulan en varias accións concretas. Así mesmo, defínense indicadores de execución que permitan avaliar a posta en marcha destas accións ó longo do desenvolvemento da estratexia.

En canto á dotación orzamentaria, a estratexia non definen ningún orzamento, pero estanse a levar a cabo actuacións que benefician directamente ó sector, principalmente a través de axudas para: a incorporación de mozos ou novos agricultores á actividade agraria; investimentos nas explotacións (plans de mellora; en 2023 houbo unha convocatoria específica para a produción vexetal), seguros agrarios; instalacións, equipamentos e maquinaria en réxime asociativo, participación en feiras sectoriais, etc.

Finalmente, cómpre dicir que a Consellería do Medio Rural está á disposición dos viveiristas e comercializadores galegos para que acheguen as súas inquedanzas e exhorten á administración na toma de medidas de todo tipo. Isto pode facerse directamente, con xuntanzas acordadas ou incluso a través de das diversas mesas oficiais de diálogo".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/07/2025 13:01:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:01:54
Nº Rexistro: 29262
Data envío: 21/07/2025 13:01:54.765

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25527**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"os problemas agrarios da Limia, a aplicación do Plan estratéxico e as previsións que ten a Xunta de Galicia en canto ao despregamento de medidas de apoio á agricultura desta comarca"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á interpelación con número 21839 do Pleno do día 7 de maio de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

O pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTA5YjNhZGEtMTQwZS00Y2YwLTlhMjQtNDRhZTk0OWI2NjYy>

Así mesmo, a información que demanda esta iniciativa tamén foi ofrecida en resposta á pregunta escrita con número 20897, á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 14:46:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 28521
Data envío: 14/07/2025 14:46:26.132

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25533**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López e don Carlos López Font, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa finalización das conexións do porto seco de Monforte de Lemos aínda pendentes e a operatividade plena da súa plataforma intermodal"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Porto Seco de Monforte constitúe unha infraestrutura clave vinculada ao ferrocarril, deseñada no seu momento coa colaboración das administracións autonómica, estatal e local. Un proxecto que naceu como motor de desenvolvemento económico da comarca de Lemos e do interior de Lugo e, tras máis de dez anos, hoxe permanece atrapado nunha rede de obstáculos inaceptables.

Tras completar a infraestrutura básica, a Xunta de Galicia puxo en marcha as obras necesarias para conectar este polígono coas vías principais, como a N-120 e a LU-933. O actual viario de entrada á terminal intermodal de mercadorías foi executado en 2015 pola Xunta, que invertiu un total 7,5 millóns de euros para executar a conexión dende a propia terminal ata a estrada autonómica LU-933 (Monforte - A Rúa), de 2,3 km de lonxitude.

A prolongación do acceso mediante a conexión coas entre as estradas N-120 e LU-933 consiste nunha estrada de nova construción duns 1.100 metros de lonxitude. Constituirá a principal vía de unión do porto Seco coa Meseta e o sur de Galicia, ao tempo que evitará o paso de vehículos, sobre todo de tráfico pesado, polo núcleo urbano de Monforte de Lemos.

Pero a realidade é que as decisións erráticas, os atrasos e os cambios de criterio por parte do Goberno central converteron este proxecto nun labirinto burocrático.

En primeiro lugar, a solución inicial aprobada pola Xunta resultou incompatible coa seleccionada polo Ministerio de Fomento para a autovía A-76. Unha situación que obrigou a comezar de novo, a redactar un novo trazado e a revisar o impacto ambiental.

Adif puxo como condición eliminar un paso a nivel alleo ao proxecto inicial, mentres que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil se descolgou con peticións que non tiñan que ver coa nova estrada.

Se isto non fose dabondo, Estradas do Estado recuou sobre a solución previamente acordada, e o último é que na recente información pública dun treito de A-76 volven a mover o enlace entre a N-120 e a A-76, no que entroncaba tamén o novo vial de acceso ao Porto Seco.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A Xunta de Galicia demostra, cada ano, a súa vontade de avanzar na conexión reservando unha partida nos orzamentos autonómicos. Ata o de agora lévanse investidos no porto seco preto de 20 millóns de euros para os traballos técnicos, a adquisición dos terreos, a súa urbanización e a construción dos accesos coa estrada LU-933. Tamén para o 2025 as contas do Goberno galego presentan 0,5 M€ para impulsar esta conexión.

Recentemente, celebrouse unha reunión técnica entre a Axencia Galega de Infraestruturas e os responsables de estradas do Ministerio de Transportes, e acordouse un camiño para tentar avanzar nunha solución que sexa autorizada polo Ministerio. Agárdase que desta vez si que poida desbloquearse este vial, e deste modo se leve adiante a súa execución”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:56:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:56:15
Nº Rexistro: 28828
Data envío: 16/07/2025 12:56:15.876

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25560**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a postura do Goberno galego ante a posibilidade de prolongar a moratoria das plantacións de eucalipto máis aló de 2025 e a política de planificación forestal que prevé levar a cabo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á interpelación con número 13806 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 20 de novembro de 2024; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmE3ODQ5ZmItNjhlZS00YzYzLTk2MDctYTY2MzRmNTBhNDcy>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/07/2025 13:01:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:01:48
Nº Rexistro: 29261
Data envío: 21/07/2025 13:01:48,630

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25584**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego da permanencia das instalacións que ten na xunqueira do río Alba, en Pontevedra, e as súas previsións canto á súa retirada e á recuperación dese espazo natural"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia respostada na pregunta oral con número 37682 da Comisión 2ª do día 30 de setembro de 2022, á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGQyMjczMzUtNzU4MCM0ZmMyLTg5ZWVtYzM5ZDg5ZDMzMjFk>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 14:46:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 28520
Data envío: 14/07/2025 14:46:19.957

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25623**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e don Carlos López Font, sobre **"o atraso das obras de prolongación da autovía da Costa da Morte entre Baio e Berdoias, as previsións da Xunta de Galicia en canto ao seu inicio e as razóns da conversión do proxecto inicial de autovía nunha vía de alta capacidade"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Como constatou a conselleira de Vivenda e infraestruturas co galo da resposta á pregunta oral ao Goberno 16949 no Pleno do pasado 25 de xuño, a Xunta ten un compromiso claro co artellamento do territorio, no que se ten moi presente a Costa da Morte.

O Consello da Xunta de Galicia do pasado 9 de xuño deu luz verde a tramitar para a súa execución o proxecto de prolongación da Autovía Costa da Morte, entre Santa Irena (en Vimianzo) e a AC-432 que comunica esta localidade con Camariñas.

Serán 5,5 quilómetros máis que suporán un importante esforzo da Xunta, polos máis de 36 millóns de euros de investimento.

Xa se someteu a información pública a actualización do proxecto coa idea de licitar a obra antes de que acabe o ano.

A execución deste novo tramo incluírá a construción de 2 enlaces e a previsión dun terceiro, 3 viadutos, 6 pasos superiores, 3 pasos inferiores e 6 obras de drenaxe.

Como estrutura máis singular do proxecto está o viaduto sobre o río Vimianzo, que permitirá un cruzamento de cerca de 250 metros á altura do quilómetro 7.

A AG-55, por outra banda, no seu primeiro tramo entre Coruña e Carballo, conta coas tarifas de peaxe máis baixas de España para unha vía deste tipo.

Desde 2016 puxéronse en funcionamento ademais case 28 quilómetros libres de peaxe, comunicando os concellos de Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e o termo municipal de Vimianzo ata Santa Irena. Unha aposta que supuxo un investimento de case 170,5M€ pero, sobre todo, unha mellora substancial en tempo e seguridade para os usuarios.

O rescate que fixo a Xunta dos contratos de concesión das autoestradas do Salnés, da Barbanza, Ourense-Celanova e Santiago-Brión, -posibilitando eliminar as peaxes en sombra que se viñan pagando anualmente- supón un aforro duns 330 millóns de € nos orzamentos dos vindeiros anos, axudando a paliar os efectos das amortizacións das concesións.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Grazas a esta medida e ao esforzo maiúsculo realizado por Infraestruturas, pódese seguir aumentando agora o número de quilómetros de vías de alta capacidade titularidade da Xunta de Galicia, e ao mesmo tempo, garantir a conservación de estradas como máxima prioridade.

O novo tramo de prolongación da Autovía da Costa da Morte, é bo exemplo delo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:54:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:54:03
Nº Rexistro: 28825
Data envío: 16/07/2025 12:54:03,085

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25675**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, dona Alexandra Fernández Gómez e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da tramitación do polígono agroforestal de San Miguel de Valga"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á pregunta oral con número 24145 da Comisión 7ª do día 13 de xuño de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzAxZDc5YjEtNTlhMC00MDNhLTgxNTktZGEwZGE1YjYwYzI2>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:53:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:53:56
Nº Rexistro: 28824
Data envío: 16/07/2025 12:53:56.927

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25858**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, dona Silvia Longueira Castro e don Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre **"a situación actual que atravesamos o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora da súa xestión e dos seus recursos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia respostada na pregunta oral con número 25856 da Comisión 7ª do día 13 de xuño de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzAxZDc5YjEtNTlhMC00MDNhLTgxNTktZGEwZGE1YjYwYzI2>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:47:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29491
Data envío: 23/07/2025 08:47:17.862

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25928**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego do risco actual de entrada da febre aftosa en Galicia e as súas medidas de prevención ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A febre aftosa está incluída na Lista única de enfermidades de notificación obrigatoria da Organización Mundial da Sanidade Animal (OMSA), e tamén na categoría A de enfermidades de notificación obrigatoria (en menos de 24 horas) da Unión Europea, conforme ao recollido especificamente no Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello do 09.03.2016.. Na dita categoría figuran enfermidades que non están presentes na UE e que os Estados Membros deben controlar e erradicar de xeito urxente en canto se detecten no seu territorio.

España está considerada libre de febre aftosa desde 1989, ano no que se prohibiu a vacinación fronte á enfermidade. O derradeiro brote en España foi detectado en 1986, nunha explotación bovina da comarca veterinaria de Talavera de la Reina (Toledo). O risco de infección segundo estes datos é baixo, non obstante, a enfermidade é endémica noutras partes do mundo (o Magreb entre elas), o que implica sempre un risco potencial de introdución a través de diversas vías, como está ocorreu en 2025 en Alemaña, Hungría e Eslovaquia.

En España, no que respecta ás devanditas enfermidades da categoría A, cabe destacar que as medidas a executar deben ser tomadas tras decisión do Comité da Rede de Alerta Sanitaria Veterinaria (RASVE), e ser aprobadas pola Comisión Europea, conforme á normativa de referencia. O comité RASVE é un órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), que inclúe representación de todas as comunidades autónomas e que se encarga de coordinar a vixilancia e control das enfermidades dos animais, indicando as actuacións necesarias para podelas previr, evitar a súa difusión e erradicar.

A febre aftosa é unha enfermidade de orixe vírica, que afecta a diferentes especies de mamíferos, sendo especialmente máis sensibles os bovinos. A vía de transmisión principal é a través da inhalación de aerosois por contacto cun animal enfermo, con materiais infectados ou a través do aire inhalado con partículas virais.

O principal risco de entrada da infección en España é a importación de animais infectados ou de produtos de orixe animal contaminados (carne, leite, seme...). Os vehículos que transportan estes animais ou produtos poden ser tamén vectores de transmisión.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Galicia está traballando en colaboración co MAPA (e este en colaboración coa Comisión Europea) para previr a entrada da infección, preservar a sanidade animal, evitar os impactos sanitarios e económicos negativos e avanzar na prevención e na mellora da bioseguridade nas explotacións gandeiras.

Tal e como se explicou, as medidas fronte ás enfermidades da categoría A (no marco normativo europeo) adóptanse a nivel nacional e europeo. Nesa liña, nos derradeiros meses, publicouse normativa relativa a medidas de emerxencia e establecemento de zonas restrinxidas na Unión Europea:

-Decisión de Execución (UE) 2025/323 da Comisión, do 11 de febreiro de 2025, relativa a determinadas medidas de emerxencia en relación coa febre aftosa en Alemaña e pola que se derroga a Decisión de Execución (UE) 2025/186.

-Decisión de Execución (UE) 2025/613 da Comisión, do 24 de marzo de 2025, relativa a determinadas medidas de emerxencia en relación coa febre aftosa en Hungría e pola que se derroga a Decisión de Execución (UE) 2025/496.

Compre indicar que, grazas á implantación das medidas de contención nas zonas nas que detectaron casos, que consisten na prohibición de movementos de animais e produtos desde estas zonas, o risco de introdución do virus minimizouse. Ademais, o MAPA recomendou ás autoridades sanitarias das comunidades autónomas o reforzo das medidas de limpeza e desinfección dos medios de transporte, o que diminuírá o risco de entrada da infección na nosa comunidade autónoma.

Respecto ás medidas concretas de prevención, as autoridades sanitarias de Galicia levan máis de 10 anos preparándose e formándose para afrontar un foco de febre aftosa, a través da formación específica impartida polo grupo experto EuFMD (Comisión Europea para el control da febre aftosa) pertencente á FAO (Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura). A formación inicialmente destinouse a formar ás persoas profesionais responsables da planificación e control destas casuísticas, para que estes despois podan exercer de formadores e así a información se difunda entre os SVO, outros colectivos sanitarios veterinarios e o sector gandeiro, entre outros.

En 2015, cinco responsables dos SVO participaron voluntariamente nun Curso on line de febre aftosa organizado polo grupo EuFMD. Ese mesmo ano, unha persoa responsable dos SVO acudiu a coñecer un foco de febre aftosa a tempo real, co obxecto de recoñecer a epidemioloxía e sintomatoloxía e proceder á toma de mostras diagnósticas, no marco dun curso a tempo real organizado tamén polo dito grupo EuFMD.

En 2019, oito responsables dos SVO acudiron voluntariamente a un simulacro de sospeita de foco de febre aftosa nun territorio transfronteirizo España-Portugal, que tivo lugar en Jerez dos Cabaleiros (Badaxoz), organizado polo MAPA e por EuFMD.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Desde 2022 ata a actualidade, todo o colectivo dos SVO tivo a opción de asistir voluntariamente a seminarios on line sobre a febre aftosa, vacinación como estratexia para o control de enfermidades e bioseguridade, organizados polo MAPA e EuFMD.

Á súa vez, os SVO receptores desa información transmitírona aos veterinarios da empresa pública Tragsatec (que ten a encomenda para a realización das campañas de saneamento gandeiro) e aos veterinarios das Asociacións de defensa sanitaria gandeira, entre outros.

Por outra banda, toda a información epidemiolóxica actualizada periodicamente remitida desde o MAPA, así como as medidas recomendadas de bioseguridade e prevención, foron sendo transmitidas desde xaneiro de 2025 aos Colexios oficiais de veterinarios, sector gandeiro, integradoras, ADSG e resto de colectivos relacionados. En concreto, como se expón na resposta anterior, fíxose fincapé no reforzo das medidas de limpeza e desinfección dos vehículos que transportan gando.

A formación e transmisión da información recibida ten como obxecto que os destinatarios coñezan as medidas preventivas e de bioseguridade recomendadas para evitar a entrada da infección, así como que sexan capaces de recoñecer os síntomas e lesións, no caso de que apareza unha sospeita relacionada.

Tal e como se indicou en apartados anteriores, neste contexto a principal medida de protección para as granxas de Galicia é o cumprimento das condicións sanitarias de movemento, tanto nas importacións como nos intercambios de animais vivos dentro da Unión Europea. Tamén se citou que as medidas de actuación para control da infección van a estar sempre dirixidas polas autoridades competentes da Unión Europea e do MAPA, que contan desde hai anos con procedementos de actuación no que se inclúen comunicacións aos sectores implicados.

En calquera caso, ante a non desexable aparición dun foco de febre aftosa, a estratexia de control recomendada polas autoridades sanitarias de España é o baleiro sanitario das explotacións afectadas, a implantación de estritas medidas de bioseguridade, vixilancia sanitaria reforzada e control de movementos para evitar a propagación da enfermidade como marca a normativa comunitaria e nacional ao respecto. Por outra banda, a vacinación de urxencia na súa modalidade de supresión ou preventiva pode xogar un papel moi importante no control e na erradicación da febre aftosa, se así fose aprobada a actuación polo Comité RASVE e a Comisión Europea.

Así, o MAPA elaborou un Manual práctico de operacións na loita contra a febre aftosa, que serve como guía de traballo aos SVO para poder ofrecer unha resposta rápida e eficaz en caso de sospeita e de confirmación. Este Manual debe utilizarse no marco do Plan coordinado estatal de alerta sanitaria veterinaria, integrado na normativa vixente en materia de sanidade e benestar animal.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Ademais, Galicia está actualizando un plan de continxencia específico para esta enfermidade, co obxecto de adaptar o Plan coordinado estatal de alerta sanitaria veterinaria ás condicións específicas de Galicia, tendo en conta aos principais axentes involucrados (unidades administrativas, forzas e corpos de seguridade, asociacións sectoriais, empresas de servizos veterinarios, ADSG, expertos en materias relacionadas, empresas de eliminación de subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, etc.)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/07/2025 8:47:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29490
Data envío: 23/07/2025 08:47:11.135

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25983**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"a expansión das enfermidades que afectan os piñeiros, a regresión desta especie forestal e a viabilidade do sector dos serradoiros galegos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 25980 e debatida na Comisión 7ª do día 27 de xuño de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzkwNjBhMTEtMjA3Ni00MGNmLWJjMGQtZGUwZGU4YjkzOWRi>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:01:41
Nº Rexistro: 29260
Data envío: 21/07/2025 13:01:41.817

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/07/2025 13:01:41

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26086**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"o grao de cumprimento da normativa que regula as distancias das novas plantacións forestais respecto da rede viaria e a súa posible modificación no que atinxe ás especies máis problemáticas en caso de grandes incendios"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"En Galicia o control da biomasa nas marxes das estradas é un reto para todas as administracións, polo rápido crecemento da vexetación, tanto árbores como arbustos e herbáceas. E cando este control é moi importante para:

Ter libre o tránsito en beiravías e beirarrúas.

Visibilidade axeitada da sinalización e da propia estrada nas curvas.

Alonxar aos animais das estradas.

Manter en bo estado o valado perimetral nas vías de alta capacidade.

Evitar caídas de árbores nos temporais.

Que as estradas fagan a labor de cortalumes, de acordo coa normativa na materia (son faixas primarias).

A Xunta de Galicia é pioneira na intensificación da súa labor de xestión da biomasa nos marxes das estradas, levándoa moito máis alá da sega da marxe da calzada, con tres iniciativas:

Deixáronse de aplicar de os herbicidas, salvo casos puntuais relativos á eliminación de especies invasoras.

Dende o ano 2018 lévanse investidos algo máis de 13 M€ en tala e roza de Dominio Público en colaboración coa empresa pública Seaga, para cumprimento da normativa de incendios e para evitar caída de arborado a Dominio Público Viario.

E ademais, buscando máis efectos positivos, comezouse a aplicar unha estratexia de "Estradas Verdes", cun proxecto piloto en todas as VAC do Morrazo e que se está a estender xa á AG-59 e que se vai continuar estendendo.

Esta iniciativa pioneira comezouse, como se indicou, nas VAC do Morrazo, onde dende o 2023 se ven procedendo á:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Eliminación das especies exóticas invasoras mediante combinación de métodos mecánicos e químicos: destocoado, arrincado de raíces e aplicación de produtos químicos.

Implantación e estabilización dunha cuberta vexetal de herbáceas mediante hidrosemteira, para cubrir rapidamente o chan e impedir rebrotes e xerminación das especies invasoras. Tamén se pode contemplar a posibilidade de cubrir determinadas superficies con mantas antiherbas (compatible con plantación).

Plantacións ou reforestación con especies arbóreas de frondosas autóctonas, co obxectivo de formar unha masa consolidada a medio prazo que impida o establecemento das especies invasoras.

Traballos de mantemento e consolidación, polo menos nos primeiros anos, que inclúen desbroces, eliminación de rebrotes, reposición de plantas, etc.

Eliminación de especies como o Carrizo da Pampa, Acacias e Eucaliptos, e plantaranse pradairos, carballos, abeleiros ou freixos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:53:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:53:50
Nº Rexistro: 28823
Data envío: 16/07/2025 12:53:50.322

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26253**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e don Carlos López Font, sobre **"a progresiva perda de vitalidade do núcleo histórico de Corme e as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa eventual inclusión no Programa de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe)"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O programa Rexurbe desenvólvese en conxuntos históricos declarados BIC, categoría da que carece Corme.

De estar interesado na rehabilitación, o concello pode solicitar a declaración dunha área de rehabilitación integral para poder acceder ao financiamento no primeiro reparto que se realice despois da declaración da ARI. Desta maneira, poranse a disposición dos interesados axudas para a rehabilitación.

Da mesma maneira, en 2022 o concello puido declarar un Entorno residencial de rehabilitación programada (ERRP) para acceder aos fondos europeos destinados a rehabilitación de barrios.

Todas as axudas de rehabilitación da Xunta poden ser solicitadas polos propietarios de vivendas de Corme.

Finalmente, o concello pode acceder ás axudas para a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal e aos préstamos do fondo de cooperación cos concellos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:01:35
Nº Rexistro: 29259
Data envío: 21/07/2025 13:01:35.760

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/07/2025 13:01:35

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26311**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Sonia Vidal Lamas e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a situación provocada pola sentenza que anula case sete mil carnés de manipulador de produtos fitosanitarios, a función de control e inspección que a Xunta de Galicia levou a cabo e as medidas que prevé pór en marcha para atopar unha solución"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á pregunta oral con número 26310 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 25 de xuño de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Njl4MjEyZjMtNzYyYS00MTExLWlONjgtMzQ4NTBkMzEyMTU4>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/07/2025 13:01:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:01:29
Nº Rexistro: 29258
Data envío: 21/07/2025 13:01:29.428

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26340**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Castro García, sobre "**a situación en que está o desenvolvemento do programa Rexurbe en Mondoñedo e o calendario que manexa o Instituto Galego de Vivenda e Solo ao respecto**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A área Rexurbe do concello de Mondoñedo foi declarada polo Consello da Xunta de Galicia o 4 de febreiro de 2020, e inclúe todo o conxunto histórico e unha zona contigua na zona dos Remedios e a Álvaro Cunqueiro.

Con isto o concello de Mondoñedo realizaría actuacións de rehabilitación e mellora de edificacións e trama urbana, desenvolvendo economicamente os espazos nos que se sitúa. Isto requiriría dun plan de dinamización, que publicado no DOG do 24 de marzo de 2021, e que recollía un investimento de máis de 16 M€.

Nese mesmo ano aprobouse un convenio entre o IGVS e o concello para a creación do centro Rexurbe, financiado polo IGVS con 140.000 euros. Este convenio foi refrendado de novo recentemente, entre a Xunta e o Concello, para a xestión dun centro de rexeneración urbana de interese autonómico, que foi firmado o 30 de Xuño de 2025, e onde cofinanciaremos o 60% deste centro dependente da entidade local.

Entre ambos convenios a Xunta de Galicia ten desenvolto numerosos proxectos.

Dos 13 inmobles adquiridos polos IGVS, por un valor próximo aos 0,7 M€, comezamos as obras de rehabilitación un inmoble para alugueiro para menores de 36 anos na rúa Peña de Francia 4 por 0,29 M€.

Así mesmo vimos de licitar o día 2 de Xullo a rehabilitación de cinco edificios para a obtención de 10 novas vivendas de promoción pública en Mondoñedo.

Trátase de rehabilitar a praza Muíños de Arriba 24; a Guevara 7 e 9, así como actuar Febrero 30, e noutro inmoble na rúa Álvaro Cunqueiro 34. Tamén se inclúe neste último lote as obras de remodelación e reforzo estrutural da envolvente do edificio na rúa Progreso 10. O orzamento total é de 2,71 M€, divididos en 3 anualidades.

O resto de edificios adquiridos polo IGVS atopan o seu proxecto básico analizado polo servizo central do IGVS, con vistas a proseguir os trámites necesarios para as obras".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:53:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:53:44
Nº Rexistro: 28822
Data envío: 16/07/2025 12:53:44.326

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26355**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"o estado de conservación da estrada AC-161 no concello de Bergondo e as actuacións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia para corrixir estas eivas e mellorar a súa seguranza viaria"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada AC-161 ten unha lonxitude de 4,14 km; percorre o Concello de Bergondo no treito comprendido dende o PK 1+860 ao PK 4+140, soportando un tráfico rodado medio duns 4.500 veh./día.

Esta estrada xa foi obxecto de operacións de rehabilitación puntual de firme mediante reparación con fresado, entre os anos 2015 e 2016.

Non obstante, indentificáronse novos deterioros no firme, que teñen causa na incorporación de acometidas de pluviais e de saneamento á rede de drenaxe da estrada. E que, a pesar de que o Concello as foi mellorando, provocaron problemas no firme.

Estase a estudar a nivel técnico a mellor solución para asegurar a calidade do firme a longo prazo, e será tratada co Concello de Bergondo dada a súa interacción coas acometidas de servizos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:53:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:53:37
Nº Rexistro: 28821
Data envío: 16/07/2025 12:53:37,263

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26407**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e don Carlos López Font, sobre **"as razóns da suspensión da construción dun tramo da senda ciclista proxectada entre O Milladoiro e Santiago de Compostela e as perspectivas que ten a Xunta de Galicia para a restauración dos danos producidos en espazos naturais"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O desenvolvemento desta senda, con case 13 km, permitirá unir Milladoiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e a Estación Intermodal e San Caetano. Baséase nunha proposta moi ben traballada e formulada no seu día pola asociación Composcleta, que fora comunicada publicamente xa hai anos sen que houbera ningún cuestionamento en contra da mesma. Ao contrario, unir cunha senda ciclista O Milladoiro e Santiago era unha cuestión que diferentes grupos políticos trasladaran á axenda pública, pero nunca se concretara unha proposta viable e que cumprira cuns requisitos mínimos de funcionalidade. Un bo exemplo é a formulada no seu día polo Concello de Santiago, que era inviable no seu punto de cruzamento da SC-20 e non tiña continuidade en Volta do Castro, e de feito non se avanzou máis na mesma.

Pois, sobre a base da proposta formulada no seu día por Composcleta, redactouse un proxecto que fora sometido a información pública e informe de todas as administracións afectadas, e dialogada co concello de Santiago, coa máxima transparencia. Unha actuación impulsada co fin de favorecer desprazamentos menos contaminantes nas cidades galegas e nas súas contornas, fomentando a diminución de emisións de gases á atmosfera.

Está rematado o treito entre a Intermodal e San Caetano, que se está a completar co acondicionamento do paso baixo a SC-20 e o ferrocarril para conectar a senda coa Avenida de Lugo.

No caso da senda entre O Milladoiro e a intermodal de Santiago ao paso por Conxo, e na busca do maior consenso posible, a Consellería decidiu someter a información pública a modificación do trazado o pasado 21 de novembro para que as persoas interesadas puidesen trasladar suxestións a unha nova alternativa de axuste do trazado, nacida do mellor coñecemento do terreo durante o proceso de execución das obras.

A alternativa elixiuse baixo as premisas de respecto ambiental e integración, aproveitando as plataformas existentes na zona do aparcadoiro do Hospital de Conxo, mantendo todas as prazas e incluso mellorando a accesibilidade. Ademais estas modificacións permitían alonxar o trazado do Banquete de Conxo e evitar cruces sobre o río Sar.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





No mesmo sentido, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas atendeu a solicitude do Concello para non afectar ás hortas urbanas na contorna da rúa Clara Campoamor.

En definitiva, o novo trazado evitou o cruce do río Sar, sen afección ningunha a ningún elemento natural nin patrimonial protexidos, e na parte que ocupe a obra plantaríanse tamén especies autóctonas substituíndo ás actuais invasoras e autóctonas.

Estas adaptacións requiriron dun inxente esforzo técnico por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, co obxectivo de poñer á disposición dos veciños e usuarios unha senda segura, funcional e sostible que favoreza os desprazamentos a pé ou en bicicleta.

A información pública tivo como resultado só unha alegación contraria ao proxecto, pero dada a postura do concello de Santiago fundamentalmente, decidiuse deixar en suspenso o treito entre a entrada ao túnel antigo do ferrocarril e a rúa Ramón Baltar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:53:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:53:31
Nº Rexistro: 28820
Data envío: 16/07/2025 12:53:31.294

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26472**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e outros deputados e deputadas, sobre **"a construción da circunvalación de Carballo e os compromisos orzamentarios que prevé materializar o Goberno galego ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Como constatou a conselleira de Vivenda e Infraestruturas o pasado 9 de xullo, con motivo da resposta á pregunta oral en Pleno 16953, a Xunta mantén o seu compromiso co impulso da Variante de Carballo, que nace dun dobre obxectivo:

Ofrecer unha alternativa de alivio de tráfico á estrada AC-552, que atravesa Carballo, con picos de máis de 16.000 vehículos ao día (datos 2023).

Dar soporte a un punto estratéxico e dinamizador desta comarca, o polígono de Bértoa.

Para brindar esa alternativa, a Xunta de Galicia proxectou a Variante de Carballo e está a traballar xa desde o ano 2022 nunha primeira fase que se iniciou e se someteu a avaliación ambiental simplificada.

Esta primeira fase achegárase aos 19M€ de investimento.

O pasado mes de abril deuse un paso clave nesta actuación: a resolución favorable do proceso de avaliación ambiental simplificada. O Goberno galego xa traballa na aprobación provisional do proxecto de trazado e a información pública a efectos expropiatorios, coa previsión de publicala este mesmo ano.

A nova estrada permitirá que os tráfico de longo percorrido que actualmente discorren pola trama urbana de Carballo, poidan canalizarse por outra vía, evitando molestias e contaminación no núcleo.

A proposta ademais dará resposta ás demandas da veciñanza: evitar que circulen vehículos pesados cerca dos centros escolares como o instituto Alfredo Brañas, ou nas proximidades de áreas deportivas, o que facilitará os desprazamentos da veciñanza e ofrecerá maior seguridade.

Os orzamentos para 2025 recollen unha partida orzamentaria específica, así como a previsión plurianual para a súa materialización. Trátase de máis de 22 millóns de euros ata 2028".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:53:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:53:24
Nº Rexistro: 28819
Data envío: 16/07/2025 12:53:24.586

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26479**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e outros deputados e deputadas, sobre **"a rehabilitación do pavimento da estrada AC-419 nos concellos de Malpica e Ponteceso e os compromisos orzamentarios do Goberno galego ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Como constatou o director da Axencia Galega de infraestruturas este mesmo 10 de xullo ante a Comisión 3ª do Parlamento de Galicia, con motivo da pregunta 26478 deste mesmo grupo, a Xunta vai levar a cabo, de xeito inminente, a reposición do firme na AC-419 ao seu paso polo concello de Malpica e Ponteceso. Concretamente, do punto quilométrico 0+000 ao 1+960 no concello de Malpica de Bergantiños, e do punto quilométrico 1+960 ao 11+300 no concello de Ponteceso. En total máis de 11 quilómetros.

Os traballos licitáronse o 11 de marzo deste ano, nun contrato de mellora de firme de estradas autonómicas só de esta zona de 2,97 M€, e contan cun orzamento de case 950.000 euros para a AC-419 en Malpica e Ponteceso.

O contrato foi adjudicado o pasado venres, 4 de xullo, como figura no perfil do contratante da Axencia Galega de Infraestruturas e o contrato asinouse o pasado 8 de xullo, coa previsión de que a execución da obra comencé este mesmo mes.

O prazo de execución das obras é de 4 meses, polo que estarán rematadas antes de que finalice o ano.

O contrato é máis amplo, abarca un total de 4 estradas autonómicas, nas que se inclúe a estrada AC-419 ao seu paso por estes dous concellos, e outras 3 máis da provincia da Coruña (AC-432, AC-411 e AC-442) que pasan polos municipios de Vimianzo, Camariñas, Santa Comba, Mazaricos, Zas e Dumbría. Estase a beneficiar unha poboación de preto de 43.000 habitantes dos 8 concellos. Todas as intervencións de acondicionamento do firme completaranse co pintado da sinalización horizontal dos treitos de actuación de todas as estradas e a reposición dos treitos de barreira de seguridade que sexa preciso.

A estrada AC-419 une as estradas autonómicas AC-418 en Buño e AC-424 en Ponteceso, e o seu percorrido transita polos termos municipais de Malpica e Ponteceso. Rexistra un tránsito relativamente importante, de entre 4.281 e 4.578 vehículos ao día en función do treito.

Só entre 2024 e 2025 o investimento en obras de mellora de firme das estradas autonómicas nas comarcas de Bergantiños e Costa da Morte é de 6,6 M€, co que se beneficia a 16 concellos".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:53:18
Nº Rexistro: 28818
Data envío: 16/07/2025 12:53:18.266

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:53:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:53:18
Nº Rexistro: 28818
Data envío: 16/07/2025 12:53:18.266

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26541**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, sobre **"o custo total do novo Hospital de Montecelo, os prazos para o remate das obras deste complexo hospitalario de Pontevedra e as previsións da Xunta de Galicia respecto da actividade do Hospital Provincial"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"As obras do Hospital Montecelo consisten na construción:

Dunha zona de basamento, que estará distribuída en dous edificios de cinco plantas.

Sobre esa zona de basamento elevarase un terceiro bloque que se corresponde co edificio de hospitalización de 10 andares.

Previse que a obra poida rematar na súa maior parte no 3ºT deste ano, ao igual que a urbanización e o atrio, para a continuación levar a cabo as probas das instalacións, que levarán ata final de ano, así como o inicio do equipamento.

A actividade asistencial podería comezar a principios de 2026 en radioterapia, e en función do equipamento e do plan de traslados, o resto de servizos ao longo de 2026.

En canto ás cifras trasladadas publicamente, son as estimacións nestes momentos, tendo en conta imprevistos, a revisión extraordinaria de prezos (que se aplica ata o final da obra, de acordo coa normativa), e a posible medición final prevista na lei de contratos.

Remitimos á resposta oral do Conselleiro de Sanidade en Pleno do día 7 de maio: <https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YWM2NTlmMDQtNTkzNy00ZjNhLTk1N2UtNGM0MGU2NjkxOTJi&start=3754>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:53:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:53:11
Nº Rexistro: 28817
Data envío: 16/07/2025 12:53:11.616

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26572**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"a situación administrativa en que se atopa na actualidade a obra de mellora da seguridade viaria na estrada AC-840, en Oza dos Ríos, concello de Oza-Cesuras, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A obra está adxudicada dende a primavera do ano 2024, pero non puido comezar a súa execución debido á necesidade de contar coa autorización para a execución da obra por parte de ADIF. O proceso para a súa obtención, que se leva tramitando dende hai máis de dous anos e cuxa dilación está prexudicando tanto á Xunta de Galicia como especialmente aos veciños de Oza - Cesuras, agárdase que culmine o antes posible e que poida comezar a execución da obra proximamente.

O obxecto do proxecto é habilitar un paso seguro para peóns e ciclistas non deportivos no P.Q. 8+280 da estrada AC-840, diferenciado dos carrís de circulación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:53:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:53:05
Nº Rexistro: 28816
Data envío: 16/07/2025 12:53:05.156

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26756**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e outras deputadas, sobre **"as accións que prevé poñer en marcha o Goberno galego para a inserción no mercado laboral das mulleres galegas retornadas e a súa postura ante a posibilidade de crear unha axuda específica para as maiores de 50 anos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Estratexia Galicia Retorna xa incorpora a perspectiva de xénero, e busca atraer galegos e galegas residentes no exterior, tanto os emigrantes coma os seus descendentes, así como ofrecer e procurarlles unha cobertura integral das súas necesidades básicas e facilitar a súa integración educativa e laboral. Ademais, busca analizar e executar todas as medidas ao alcance do Goberno galego para combater e superar o complexo reto demográfico de Galicia desde o momento do retorno.

Entre as súas liñas de actuación, atópanse as seguintes:

- Informar, asesorar e colaborar coas persoas galegas retornadas no momento da súa volta a Galicia.
- Intensificar o apoio integral ás familias no retorno, acadando a súa plena integración no menor tempo posible.
- Fomentar o retorno das familias galegas mediante o apoio á natalidade, á conciliación, á integración da mocidade e a súa continuidade educativa.
- Facilitar a capacitación profesional das persoas galegas retornadas promovendo a súa formación e integración no mercado laboral, e dando a coñecer as medidas específicas para acadala.
- Promover o autoemprego e a creación de pemes por parte dos retornados e retornadas galegos, especialmente no ámbito rural.
- Atraer e reter o talento dos traballadores e traballadoras galegas residentes no exterior de cara a potenciar a competitividade do tecido produtivo da nosa terra.
- Potenciar o retorno de empresarios e grandes investidores do exterior ofrecéndolles oportunidades de inversión na Galicia territorial.

En relación a estrutura da Estratexia, conta coas seguintes áreas: *Área de Asesoramento, Seguimento, Coordinación e Control; Área laboral; Área educativa e Área Social.*

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





No tocante ao retorno das mulleres, dentro da *Área social*, o obxectivo 7 indica o seguinte: *atender ás familias galegas retornadas en situación de vulnerabilidade para a consecución da súa plena integración*. Dentro desta, atópanse as seguintes medidas:

- **MEDIDA 18.** Atender de forma integral ás mulleres retornadas vítimas de violencia de xénero a través de recursos residenciais de acollida temporal e dos non residenciais.
- **MEDIDA 19.** Facilitar o acceso das mulleres retornadas vítimas de violencia de xénero ás prestacións ás que teñen dereito.

Dentro da *Área laboral*, o obxectivo 25 indica o seguinte: *promover o autoemprego, a integración laboral por conta allea e a creación de pemes por persoas galegas retornadas*. Dentro desta, atópase a seguinte medida:

- **MEDIDA 75.** Promover o autoemprego e a creación de empresas por persoas galegas retornadas, a través de axudas ao retorno emprendedor, coas que os beneficiarios poderán ter unha aportación de ata 10.000 euros, incentivando a creación de empresas por mulleres e nos concellos rurais.
- **MEDIDA 77.** *Programa Emega* - comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres e a favorecer a conciliación familiar e dar acceso aos servizos específicos de acompañamento, asesoramento e titorización co obxecto de facilitar a implantación e a consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres. Dentro deste programa pódense atopar distintas liñas de axuda: *Emprende, Innova, Activa, ITEF, Concilia e Dual*.

Este programa promove o regreso de máis de 30.000 galegos e galegas, lograr que o 60% dos que retornen, unhas 18.000 persoas, teñan menos de 45 anos, contribuíndo a rexuenerar a poboación galega.

Dita estratexia de recuperación da poboación galega conta cun orzamento de máis de 50 millóns de euros soamente en medidas específicas, con máis de 400 millóns de euros en medidas transversais que inclúen incentivos adicionais para os retornados e retornadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:56:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:56:08
Nº Rexistro: 28827
Data envío: 16/07/2025 12:56:08.875

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26766**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"o problema de tráfico que xera o semáforo existente na rúa Cardalda de Vilanova de Arousa, na PO-307, que dificulta a principal vía de entrada á Illa de Arousa e as previsións do Goberno galego ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada PO-307 ten unha lonxitude de 4,58 Km. Discorre polo Concello de A Illa de Arousa o treito da estrada comprendido entre o PK 3+330 e o 4+580, cun tráfico medio de 8.825 veh./día.

Así mesmo discorre polo Concello de Vilanova de Arousa entre os PP.QQ. 0+000 e 3+320, soportando un tráfico de 11.141 veh/día.

Esta estrada foi obxecto de numerosas obras no pasada:

A rehabilitación e conservación da Ponte de acceso á Illa de Arousa no 2021 por uns 50.000

A mellora da conexión da Ponte da Illa de Arousa coa PO-549 no ano 2014 por valor de 170.000 €.

A senda habilitada ao longo da estrada PO-307 entre a PO-549 e a ponte da Illa de Arousa.

Reparación da Ponte da Illa de Arousa sobre a ría de Arousa na PO-307 no ano 2011 por valor duns 11.000.000 €.

A isto hai que engadir que recentemente finalizamos as obras de rehabilitación de firme nos P.Q. 3+640 e 4+560 da estrada PO-307 por uns 172.000 € no treito que percorre o Concello de A Illa de Arousa, no marco dunha serie de actuación por varias estradas de titularidade autonómica pola Comarca do Salnés.

Ademais, para reforzar o compromiso da Xunta de Galicia en prol dunha mobilidade equilibrada e sostible, do entorno e dos usuarios das estradas de titularidade autonómica, o día 11 de xuño sostívose unha reunión de traballo entre a Conselleira e o Alcalde".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 22:53:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29064
Data envío: 17/07/2025 22:53:27.424

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26773**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a emerxencia fitosanitaria que representa o cancro do castiñeiro e as previsións do Goberno galego en canto ás medidas para frear a súa expansión"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á pregunta oral con número 26772 e debatida na Comisión 7ª do 11 de xullo de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

https://www.es.parlamentodegalicia.es/EmissionDirecto/upG8KrnUI5F9DD3S1E4_LZEyQjUL7oToo4WwlodjrM=".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:44:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:44:32
Nº Rexistro: 28810
Data envío: 16/07/2025 12:44:32.850

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26813**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego no que concirne á mellora da seguridade peonil nos núcleos rurais de Culleredo, singularmente no treito da estrada AC-400 que vai de Valiñas a Peiro"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A seguridade viaria, especialmente a dos usuarios máis vulnerables das estradas como son peóns e ciclistas, é unha prioridade para a Xunta de Galicia. Por isto, impulsouse o Plan de Sendas de Galicia como unha das liñas de acción principais da Xunta en materia de estradas, e permitiu habilitar máis de 300 quilómetros de novas sendas peonís e ciclistas alo longo da rede autonómica de estradas.

Agora estase comezando co desenvolvemento dunha nova fase do Plan de Sendas, coa que se desenvolverán novas actuacións tanto en comarcas nas que xa se actuara anteriormente, como en novas comarcas. E, neste contexto, a AC-400 ao seu paso por Culleredo é unha das estradas que se está a valorar para a súa incorporación ao Plan de Sendas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:44:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:44:26
Nº Rexistro: 28809
Data envío: 16/07/2025 12:44:26.779

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26886**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Luis Bará Torres, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a presunta utilización masiva de herbicidas químicos baseados no glifosato na limpeza das marxes de estradas e vías férreas e as súas previsións en canto á realización de inspeccións destes traballos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"En Galicia o control da biomasa nas marxes das estradas é un reto para todas as administracións, polo rápido crecemento da vexetación, tanto árbores como arbustos e herbáceas.

A Xunta de Galicia é pioneira na intensificación da súa labor de xestión da biomasa nos marxes das estradas, levándoa moito máis alá da sega da marxe da calzada, con tres iniciativas:

Deixáronse de aplicar de os herbicidas, salvo casos puntuais relativos á eliminación de especies invasoras.

Dende o ano 2018 lévanse investidos algo máis de 13 M€ en tala e roza de Dominio Público en colaboración coa empresa pública Seaga, para cumprimento da normativa de incendios e para evitar caída de arborado a Dominio Público Viario.

E ademais, buscando máis efectos positivos, comezouse a aplicar unha estratexia de "Estradas Verdes", cun proxecto piloto en todas as VAC do Morrazo e que se está a estender xa á AG-59 e que se vai continuar estendendo.

Esta iniciativa pioneira comezouse, como se indicou, nas VAC do Morrazo, onde dende o 2023 se ven procedendo á:

Eliminación das especies exóticas invasoras mediante combinación de métodos mecánicos e químicos: destoconado, arrincado de raíces e aplicación de produtos químicos.

Implantación e estabilización dunha cuberta vexetal de herbáceas mediante hidrosementeira, para cubrir rapidamente o chan e impedir rebrotes e xerminación das especies invasoras. Tamén se pode contemplar a posibilidade de cubrir determinadas superficies con mantas antiherbas (compatible con plantación).

Plantacións ou reforestación con especies arbóreas de frondosas autóctonas, co obxectivo de formar unha masa consolidada a medio prazo que impida o establecemento das especies invasoras.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Traballos de mantemento e consolidación, polo menos nos primeiros anos, que inclúen desbroces, eliminación de rebrotes ou a reposición de plantas, o que permite promover a contratación laboral.

Eliminación de especies como o carrizo da Pampa, acacias e eucaliptos, e plantaranse pradairos, carballos, abeleiros ou freixos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:44:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:44:20
Nº Rexistro: 28808
Data envío: 16/07/2025 12:44:20.293

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26932**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreiro Pazos, sobre **"a actuación e as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción do treito do eixe de mobilidade sustentable que vai do Milladoiro, no concello de Ames, á estación intermodal de Santiago de Compostela"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O desenvolvemento desta senda, con case 13 km, permitirá unir Milladoiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e a Estación Intermodal e San Caetano. Baséase nunha proposta moi ben traballada e formulada no seu día pola asociación Composcleta, que fora comunicada publicamente xa hai anos sen que houbera ningún cuestionamento en contra da mesma. Ao contrario, unir cunha senda ciclista O Milladoiro e Santiago era unha cuestión que diferentes grupos políticos trasladaran á axenda pública, pero nunca se concretara unha proposta viable e que cumprira cuns requisitos mínimos de funcionalidade. Un bo exemplo é a formulada no seu día polo Concello de Santiago, que era inviable no seu punto de cruzamento da SC-20 e non tiña continuidade en Volta do Castro, e de feito non se avanzou máis na mesma.

Pois, sobre a base da proposta formulada no seu día por Composcleta, redactouse un proxecto que fora sometido a información pública e informe de todas as administracións afectadas, e dialogada co concello de Santiago, coa máxima transparencia. Unha actuación impulsada co fin de favorecer desprazamentos menos contaminantes nas cidades galegas e nas súas contornas, fomentando a diminución de emisións de gases á atmosfera.

Está rematado o treito entre a Intermodal e San Caetano, que se está a completar co acondicionamento do paso baixo a SC-20 e o ferrocarril para conectar a senda coa Avenida de Lugo.

No caso da senda entre O Milladoiro e a intermodal de Santiago ao paso por Conxo, e na busca do maior consenso posible, a Consellería decidiu someter a información pública a modificación do trazado o pasado 21 de novembro para que as persoas interesadas puidesen trasladar suxestións a unha nova alternativa de axuste do trazado, nacida do mellor coñecemento do terreo durante o proceso de execución das obras.

A alternativa elixiuse baixo as premisas de respecto ambiental e integración, aproveitando as plataformas existentes na zona do aparcadoiro do Hospital de Conxo, mantendo todas as prazas e incluso mellorando a accesibilidade. Ademais estas modificacións permitían alonxar o trazado do Banquete de Conxo e evitar cruces sobre o río Sar.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



No mesmo sentido, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas atendeu a solicitude do Concello para non afectar ás hortas urbanas na contorna da rúa Clara Campoamor.

En definitiva, o novo trazado evitou o cruce do río Sar, sen afección ningunha a ningún elemento natural nin patrimonial protexidos, e na parte que ocupe a obra plantaríanse tamén especies autóctonas substituindo ás actuais invasoras e autóctonas.

Estas adaptacións requiriron dun inxente esforzo técnico por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, co obxectivo de poñer á disposición dos veciños e usuarios unha senda segura, funcional e sostible que favoreza os desprazamentos a pé ou en bicicleta.

A información pública tivo como resultado só unha alegación contraria ao proxecto, pero dada a postura do concello de Santiago fundamentalmente, decidiuse deixar en suspenso o treito entre a entrada ao túnel antigo do ferrocarril e a rúa Ramón Baltar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:44:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:44:08
Nº Rexistro: 28806
Data envío: 16/07/2025 12:44:08,670

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26955**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"a calidade da atención que se presta na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros ás persoas residentes e as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de melloralas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Todos os centros de servizos sociais son inspeccionados co obxecto de comprobar o cumprimento da normativa vixente e as obrigas legalmente establecidas. Todas as denuncias presentadas son obxecto de investigación para o esclarecemento dos feitos e son contestadas ás persoas reclamantes.

No que respecta ao cadro de persoal desta residencia, cumpre amplamente o establecido na normativa vixente. Ademais do persoal de dirección, administración e servizos xerais forman parte deste persoal profesionais sanitarios das distintas ramas, medicina, enfermaría, psicoloxía, fisioterapia, terapia ocupacional e auxiliar de clínica.

O número total de efectivos nas distintas categorías é de 277, e o número actual de persoas residentes é de 252.

No departamento de terapia ocupacional prográmase mensualmente o calendario de actividades para as persoas residentes de luns a venres. O número aproximado destas persoas que acoden a diario á sala é de 130 usuarios.

Ao departamento de Fisioterapia acoden a diario a sala ao redor de 85 persoas residentes de luns a venres de 8:00 a 15:00 horas. Neste departamento realízase un rexistro, valoración inicial e seguimento das persoas residentes. Entre as actividades que se levan a cabo están os tratamentos individuais e en grupos, e exercicios tanto de xerontoximnasia como de exercicio multicomponente.

Ao Departamento de Animación Sociocultural acoden a diario a sala aproximadamente un 140 persoas residentes en horario de luns a venres de 8:00 a 15:00 horas. Cada día hai unha actividade diferente, ademais das actividades extraordinarias como as actuación musicais, espectáculos de maxia, saídas culturais etc.

Así mesmo, organízanse actividades creativas especiais orientadas á ambientación do centro en función da época e celebracións do ano, celebración de aniversarios, saídas culturais e de ocio, actividades deportivas, celebración de días especiais, actuacións musicais, de teatro e maxia...

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Na actualidade en dita residencia están en execución as obras de renovación das cubertas do edificio mellorándose entre outros aspectos o illamento e a salubridade de todos os elementos que forman a envolvente superior do edificio, así como a execución de novos canelóns, a conexión coas baixantes existentes e a resolución dos encontros co resto do edificio.

O importe da adxudicación destas obras é de preto de 850.000€. De xeito complementario ás obras nas cubertas, executarase a instalación do sistema de extracción campá con cheminea.

Así tamén, cómpre indicar que nas anualidades 2023, 2024 e 2025 efectuáronse obras no citado centro por importe de 210.163,59 e gastos en equipamento cun custo de 37.263€.

Na derradeira visita da inspección constatouse un bo ambiente no centro, os espazos da residencia son amplos e luminosos e as zonas axardinadas permiten o espacemento das persoas residentes e das súas visitas na natureza.

Así tamén a residencia conta cunha unidade especial con camas de enfermaría na que se prestan os coidados médicos.

Respecto á manutención, no centro ofértanse 4 dietas básicas: Normal, Diabética, Protección Gástrica e Astrinxente. Todos os menús están supervisados polo persoal médico.

Así mesmo, en función das necesidades específicas da persoa usuaria, e sempre baixo prescrición médica, pode servirse calquera dieta personalizada sexa de forma esporádica ou crónica (dieta líquida, dietas preparatorias para probas clínicas, dietas baixas en calorías, etc). Tamén se prescriben dietas especiais en función de intolerancias ou alerxias específicas. Todas estas dietas poden presentarse en varias texturas, normal, picada, túrmix.

No centro existe dende o ano 2023 un programa que posibilita que os familiares das persoas residentes poidan probar o menú que se prepara".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:44:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:44:03
Nº Rexistro: 28805
Data envío: 16/07/2025 12:44:03.115

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26908**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, sobre **"a situación do colectivo LGTBI nos centros de ensino, a formación do persoal docente e non docente en materia de igualdade e diversidade e a postura do Goberno galego respecto da introdución da materia de educación afectivo-sexual dentro do sistema educativo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional** en colaboración ca **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Desde a Consellería de Política Social e Igualdade trabállase no eido educativo cos centros Quérote+ da Xunta de Galicia, que son un servizo de atención á mocidade, ás súas familias e a profesionais que traballan no ámbito xuvenil.

As súas áreas de intervención correspóndense a: a sexualidade, intervención específica co colectivo LGTBI+ e promoción da diversidade sexual, o benestar emocional, a promoción da igualdade e a prevención e loita contra a violencia de xénero.

O obxectivo prioritario é acompañar ás persoas mozas no seu desenvolvemento vital, ofrecéndolles información e asesoramento profesional e todo iso nunha contorna amable e segura. Quérote+ conta con profesionais da psicoloxía, o traballo social, a educación social, e con formación en posgraduado de sexología.

Dentro das accións específicas que se desenvolven nesta área atópase: a elaboración de material didáctico, campañas de concienciación e divulgación, e unha ampla oferta de programas e talleres formativos dirixidos a mozos, familias e a profesionais.

Na devandita oferta se levan a cabo accións formativas en centros educativos e tamén en Universidades, así como talleres para familias sobre educación sexual e benestar emocional, nos que se abordan de forma específica cuestións como a identidade e a orientación sexual, e por suposto a promoción da diversidade sexual.

Un dos obxectivos prioritarios do servizo é a intervención con diferentes axentes implicados no proceso ensino-aprendizaxe, e/o que teñen interacción coas persoas mozas. Polo tanto, a intervención realízase con estas, coas súas familias e tamén cos profesionais que exercen a súa actividade con poboación xuvenil, como é o caso do profesorado e tamén de persoal sanitario.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





No ámbito da formación a profesionais cabe destacar o programa de "Atención socio-sanitaria en relación á diversidade sexual LGTBI+", dirixido a persoal sanitario e tamén o programa de "Educación sexual na aula", dirixido a profesorado de todos os niveis educativos, no que se desenvolve contido específico sobre a diversidade sexual.

Os centros Quérote+ da Xunta de Galicia tiveron un alcance de 22.428 persoas durante o pasado ano. Así se detalla na memoria de 2024 sobre o funcionamento destes recursos públicos de atención especializada á xuventude, ás súas familias e a profesionais que traballan no eido xuvenil.

Os eidos de intervención de Quérote+ corresponden a sexualidade, a promoción da diversidade sexual, a atención específica ao colectivo LGBTI, o benestar emocional, a realización de probas rápidas de VIH e VHC, e a promoción do bo trato e a prevención e loita contra a violencia de xénero. A actividade destes servizos aséntase en tres piares: área de información, asesoramento e acompañamento; área formativa; e área de participación e sensibilización.

Desde a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional engadimos que a información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á interpelación con número 3863 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia o 25 e 26 de xuño; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzM2MDI2NDYtNTUxZS00NmE3LTg2N2ltYTAzY2RmZDg4MTVj&start=12230>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:44:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:44:14
Nº Rexistro: 28807
Data envío: 16/07/2025 12:44:14.662

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 27131**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"os resultados das inspeccións e dos controis que está a realizar a Xunta de Galicia da calidade dos servizos que se prestan na Residencia Concepción Arenal da Coruña"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A inspección de servizos sociais leva a cabo a súas funcións en base ao establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, no Plan de Inspección aprobado cada ano e nos Protocolos de actuación correspondentes.

De acordo con esta normativa, realízanse visitas de inspección ordinarias ou en virtude de denuncia a todos os centros de servizos sociais, para garantir o cumprimento das obrigas legalmente establecidas.

Con respecto á residencia de maiores Concepción Arenal na cidade de A Coruña, a última inspección ordinaria realizada ao centro levouse a cabo no mes de marzo deste ano 2025.

Na acta redactada logo da citada visita, requíreselle ao centro que no prazo de dez días se leven a cabo as actuacións precisas para emendar as deficiencias constatadas e acreditar documentalmente a súa emenda. Dentro do prazo establecido, a entidade achega as alegacións e xustificación das emendas dos incumprimentos requiridos na dita acta.

Do resultado da última inspección efectuada na residencia Concepción Arenal e da documentación achegada, consta unha prestación de servizos e unha asistencia correcta ás persoas usuarias por parte desta residencia. Na subdirección de inspección de servizos sociais da Consellería de Política Social e Igualdade, consta unha única denuncia por perda dun audífono que foi contestada en tempo e forma á reclamante pola entidade.

O expediente sancionador tramitado á anterior entidade xestora da residencia resolveuse co recoñecemento da responsabilidade e pago voluntario da sanción imposta".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:43:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:43:55
Nº Rexistro: 28804
Data envío: 16/07/2025 12:43:55.914

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 27151**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a exclusión social en Galicia, as previsións do Goberno galego nesta materia e o impulso dunha reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"As competencias en materia de estranxeiría son estatais, e polo tanto a Xunta de Galicia non pode activar medidas que eviten os retrasos para obter as citas ou resolucións nesa materia, das que somos coñecedores.

A Xunta de Galicia, dentro das súas competencias, desenvolve políticas orientadas á integración social, entre outras, das persoas inmigrantes, poñendo á súa disposición os mesmos servizos aos que ten dereito calquera galego, especialmente os de sanidade, educación ou servizos sociais, ademais de facilitarlles o acceso a programas que faciliten a súa inclusión na nosa sociedade.

Estes programas instrumentáanse basicamente a través de ordes de subvencións, dirixidas tanto a entidades de iniciativa social como a corporacións locais, que permiten financiar actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social dirixidos a colectivos en risco de exclusión, e contan con liñas específicas dirixidas ás persoas inmigrantes que permiten desenvolver diferentes accións de inclusión sociolaboral, como actividades formativas e prelaborais, mediación intercultural ou asesoramento legal, entre outros, mais alá de que se poidan beneficiar tamén dos programas que con ámbito xeral impulsamos para a atención ás persoas en risco ou situación de exclusión social. Entre estes programas atópanse prestacións como a RISGA, á que poden acceder as persoas solicitantes de protección internacional, ou as Axudas de Inclusión Social (AIS) de diferentes tipoloxías, que non inclúen como requisito o de dispor de residencia legal.

E para desenvolver estes e outros programas dirixidos ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social, os orzamentos da Dirección Xeral de Inclusión Social

creceron mais do 50% dende a súa creación como departamento encargado de coordinar as políticas de loita contra a pobreza e a exclusión, pasando dos 85 millóns do ano 2015 ata os 131 millóns do ano 2025.

Sinalar que dende a Consellería de Política Social e Igualdade somos coñecedores do programa Somos Acubillo, xa que estivemos presentes na súa presentación".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 11:27:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 11:27:56
Nº Rexistro: 28752
Data envío: 16/07/2025 11:27:56.508

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 27167**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e don Carlos López Font, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego respecto do remate do tramo central da senda peonil entre Outeiro da Orraca e Gundiás, no concello de Allariz, así como da mellora da seguridade viaria nesta zona"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Os plans para a mellora da seguridade viaria e a mobilidade sustentable son prioritarios para a Xunta de Galicia.

No caso de Allariz, esta aposta fíxose efectiva coa execución hai escasos anos (2017) da senda peonil da OU-320, onde se dispuxeron para a cidadanía case dous quilómetros de itinerario desde a travesía de Allariz na intersección da OU-320 coa rúa do Piñeiro, entre os puntos quilométricos 9+670 a 11+550-Allariz. Foron máis de 0,23 millóns de euros destinados a unha actuación importante para esta localidade.

Previamente, en 2015, mediante o contrato de conservación integral executouse o tramo de senda Gundiás, entre o punto quilométrico 12+720 (inicio da travesía de Gundiás) e o 13+220 (intersección N-525), na que se investiron aproximadamente 75.000 €.

A prolongación da senda peonil para comunicala coa existente en Gundiás comprende o tramo da estrada de aproximadamente 1 km comprendido entre os PP.QQ. 11+500 e 12+500. É tecnicamente complexo porque existe un pontón que debería ser ampliado, e a súa materialización programarase en función das necesidades de investimento do conxunto da rede autonómica de estradas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/07/2025 13:01:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:01:23
Nº Rexistro: 29257
Data envío: 21/07/2025 13:01:23.593

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 27401**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia respecto do comunicado de loito oficial do Concello de Moraña que homologa a vítima de violencia machista co maltratador condenado e reincidente e previsións de actuacións de asesoramento aos concellos galegos de cara a mellorar a súa comunicación neste tipo de casos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Na sesión plenaria do día 09/07/2025, a conselleira de Política Social e Igualdade respondeu unha interpelación (INT 27442) formulada polo mesmo grupo parlamentar e sobre o mesmo tema.

Pódese acceder á resposta na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzE2YTBIZTEtMjQxZC00OTY5LWYyZEtMTZlMmNhNTE5ODUx&start=14027>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 11:27:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 11:27:50
Nº Rexistro: 28751
Data envío: 16/07/2025 11:27:50.956

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 27441**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"a eventual revisión dos mecanismos de intervención psicosocial e protección policial logo das circunstancias do crime machista de Moraña e a valoración das declaracións do subdelegado do Goberno en Pontevedra respecto deste suceso"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Na sesión plenaria do día 09/07/2025, a conselleira de Política Social e Igualdade respondeu unha interpelación (INT 27442) formulada polo mesmo grupo parlamentar e sobre o mesmo tema.

Pódese acceder á resposta na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzE2YTBIZTEtMjQxZC00OTY5LWEyYzEtMTZlMmNhNTE5ODUx&start=14027>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 11:27:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 11:27:44
Nº Rexistro: 28750
Data envío: 16/07/2025 11:27:44.773

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 27464**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"o traballo e as previsións da Consellería do Medio Rural na loita contra a praga da avespa do castiñeiro"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á pregunta oral con número 27463 e debatida na Comisión 7ª do 11 de xullo de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

https://www.es.parlamentodegalicia.es/EmissionDirecto/upG8KrntUI5F9DD3S1E4_LZEyQjUL7oToo4WwlodjrM=".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 11:27:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 11:27:38
Nº Rexistro: 28749
Data envío: 16/07/2025 11:27:38,665

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 27469**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"a situación salarial no sector do comercio de alimentación na provincia de Ourense e o actual conflito na negociación do seu convenio colectivo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia como órgano de mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, continúa a súa labor activa dentro das competencias que posúe e que está a exercer.

A mesa negociadora que se constituíu continúa activa e a patronal reiterou a súa vontade de alcanzar un acordo que posibilite a firma do convenio colectivo.

Galicia segue avanzando no fortalecemento do seu mercado laboral e no emprego de calidade. O Goberno galego aposta por unha xornada laboral flexible, que beneficie aos traballadores e traballadoras e ao rendemento e competitividade das empresas, sempre baseándose no diálogo con todos os axentes sociais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 11:27:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 11:27:31
Nº Rexistro: 28748
Data envío: 16/07/2025 11:27:31.361

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 27545**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e outras deputadas, sobre **"o conflito laboral que vive o sector do comercio de alimentación da provincia de Ourense e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para mediar entre as partes implicadas e mais superar a precariedade deste sector"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia como órgano de mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, continúa a súa labor activa dentro das competencias que posúe e que está a exercer.

A mesa negociadora que se constituíu continúa activa e a patronal reiterou a súa vontade de alcanzar un acordo que posibilite a firma do convenio colectivo.

Galicia segue avanzando no fortalecemento do seu mercado laboral e no emprego de calidade. O Goberno galego aposta por unha xornada laboral flexible, que beneficie aos traballadores e traballadoras e ao rendemento e competitividade das empresas, sempre baseándose no diálogo con todos os axentes sociais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 22:53:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29063
Data envío: 17/07/2025 22:53:22.129

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 28169**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a situación en Galicia do emprego no sector primario e as políticas que desenvolveu e prevé desenvolver o Goberno galego para fomentalo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Segundo os últimos resultados anuais da Enquisa de Poboación Activa, en Galicia, desde 2008 (inicio da serie comparable), a ocupación no sector primario descendeu nun 24,66%. Que o medio rural perdesa ocupación non é algo que aconteza só na nosa comunidade, senón que é case xeneralizado. Só catro CCAA gañaron ocupación segundo a EPA neste sector: La Rioja, Murcia, Aragón e Andalucía. Galicia sitúase como a 5ª comunidade na que menos baixa a ocupación no período (2008-2024). Entre as 13 CCAA nas que baixou a ocupación: a que menos baixa é Castilla La Mancha (-9,34%) e a que máis baixa é Cantabria (-49,50%), Galicia sitúase na 5ª posición (-24,66%) de menos a máis. En España a ocupación baixou nun 9,19%.

Parte da caída que experimentou este sector estaría explicada pola falta de remuda xeracional do agrogandeiro galego. A nosa comunidade é a segunda máis envellecida de España (despois de Asturias), circunstancia que repercute no peche daquelas granxas agrogandeiras nos que se dan de baixa os titulares por xubilación e non contan cunha remuda xeracional que permita perpetuar o negocio. Na súa contra tamén segue a xogar un papel negativo a estrutura aínda predominantemente minifundista das granxas galegas, no actual contexto económico só sobreviven as explotacións mellor dimensionadas e máis profesionalizadas: canto maior sexa o seu tamaño máis viables son economicamente.

De todos os xeitos, segundo os últimos resultados anuais da EPA difundidos polo INE, en 2024 o sector primario galego contaba con 72.700 persoas ocupadas, experimentando unha baixada con respecto ao ano anterior dun 1,89%, baixada menos intensa que a que rexistrou o conxunto do Estado, onde a ocupación no primario descendeu nun 1,98%. Nos tres últimos anos Galicia leva experimentando mellores resultados en termos de variación anual relativa que España no sector primario. Así, en 2022 creceu anualmente a ocupación en Galicia nun 1,16%, mentres en España diminuíu nun 2,38%, e en 2023 Galicia experimentaba un crecemento do 6,62%, mentres España diminuíu en 3,91%.

Se ben, este retroceso do primario non afecta por igual a todas as ramas económicas que o compoñen. Se acudimos a datos de afiliacións á Seguridade Social (xa que a EPA non permite esta desagregación) o subsector da silvicultura e explotación forestal (incluído no sector primario xunto co agrogandeiro e a pesca) amosa unha tendencia crecente dende o ano 2013.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Cabe sinalar que o sector da madeira e forestal está considerado como sector estratéxico de Galicia. De feito, no ano 2024 experimentouse un incremento interanual do +1,01% (comparativa decembro do 2023-decembro 2024), ata os 4.514 traballadores. Con respecto ao inicio da serie (2005), o incremento porcentual foi do 219%, comparativa dec2005: 1.413-dec 2024: 4.514 (+3.101 afiliacións máis), é dicir, temos máis do triple de afiliacións no sector forestal que as que había hai case vinte anos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 22:53:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29062
Data envío: 17/07/2025 22:53:17.024

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 28175**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a evolución do emprego no sector primario de Galicia entre 2008 e 2024, as políticas desenvolvidas pola Xunta de Galicia nesta materia e as medidas previstas cara adiante"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Segundo os últimos resultados anuais da Enquisa de Poboación Activa, en Galicia, desde 2008 (inicio da serie comparable), a ocupación no sector primario descendeu nun 24,66%. Que o medio rural perdesse ocupación non é algo que aconteza só na nosa comunidade, senón que é case xeneralizado. Só catro CCAA gañaron ocupación segundo a EPA neste sector: La Rioja, Murcia, Aragón e Andalucía. Galicia sitúase como a 5ª comunidade na que menos baixa a ocupación no período (2008-2024). Entre as 13 CCAA nas que baixou a ocupación: a que menos baixa é Castilla La Mancha (-9,34%) e a que máis baixa é Cantabria (-49,50%), Galicia sitúase na 5ª posición (-24,66%) de menos a máis. En España a ocupación baixou nun 9,19%.

Parte da caída que experimentou este sector estaría explicada pola falta de remuda xeracional do agrogandeiro galego. A nosa comunidade é a segunda máis envellecida de España (despois de Asturias), circunstancia que repercute no peche daquelas granxas agrogandeiras nos que se dan de baixa os titulares por xubilación e non contan cunha remuda xeracional que permita perpetuar o negocio. Na súa contra tamén segue a xogar un papel negativo a estrutura aínda predominantemente minifundista das granxas galegas, no actual contexto económico só sobreviven as explotacións mellor dimensionadas e máis profesionalizadas: canto maior sexa o seu tamaño máis viables son economicamente.

De todos os xeitos, segundo os últimos resultados anuais da EPA difundidos polo INE, en 2024 o sector primario galego contaba con 72.700 persoas ocupadas, experimentando unha baixada con respecto ao ano anterior dun 1,89%, baixada menos intensa que a que rexistrou o conxunto do Estado, onde a ocupación no primario descendeu nun 1,98%. Nos tres últimos anos Galicia leva experimentando mellores resultados en termos de variación anual relativa que España no sector primario. Así, en 2022 creceu anualmente a ocupación en Galicia nun 1,16%, mentres en España diminuíu nun 2,38%, e en 2023 Galicia experimentaba un crecemento do 6,62%, mentres España diminuíu en 3,91%.

Se ben, este retroceso do primario non afecta por igual a todas as ramas económicas que o compoñen. Se acudimos a datos de afiliacións á Seguridade Social (xa que a EPA non permite esta desagregación) o subsector da silvicultura e explotación forestal (incluído no sector primario xunto co agrogandeiro e a pesca) amosa unha tendencia crecente dende o ano 2013.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Cabe sinalar que o sector da madeira e forestal está considerado como sector estratéxico de Galicia. De feito, no ano 2024 experimentouse un incremento interanual do +1,01% (comparativa decembro do 2023-decembro 2024), ata os 4.514 traballadores. Con respecto ao inicio da serie (2005), o incremento porcentual foi do 219%, comparativa dec2005: 1.413-dec 2024: 4.514 (+3.101 afiliacións máis), é dicir, temos máis do triple de afiliacións no sector forestal que as que había hai case vinte anos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/07/2025 22:53:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29061
Data envío: 17/07/2025 22:53:11.669

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 28177**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Secundino Fernández Fernández, sobre **"a situación do Plan básico municipal de Viana do Bolo e as previsións da Xunta de Galicia respecto do remate da súa tramitación"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Cantas alegacións, reclamacións se formularon no período habilitado ao efecto no ano 2024?

De conformidade co disposto nos artigos 63 e 64 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do Decreto 143/2016, do 23 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a dita lei, os plans básicos municipais son os instrumentos de planeamento urbanístico que a Xunta de Galicia redacta e tramita para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contén cun instrumento de planeamento xeral.

A Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acordou, mediante a Resolución do 23.01.2024, aprobar inicialmente o Plan básico municipal do Concello de Viana do Bolo e sometelo a información pública polo prazo de dous meses (DOG do 07.02.2024).

Durante ese período téñense recibido 185 alegacións.

Cal e motivo polo que a Xunta de Galiza non respondeu as alegacións presentadas?

A tramitación do Plan básico municipal de Viana do Bolo está a seguir o procedemento establecido ao respecto no artigo 64 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e no artigo 156 do seu regulamento.

Nese procedemento, en consonancia co regulado para os plans xerais de ordenación municipal, non se contempla a contestación individualizada a cada alegante.

Será dentro do propio documento do plan básico aprobado definitivamente onde se incorpore un anexo específico de xustificación e avaliación das alegacións recibidas, no que se describe o solicitado e se argumenta e resolve sobre a súa estimación, estimación parcial ou desestimación; integrando os cambios derivados das alegacións estimadas ou estimadas parcialmente na propia ordenación aprobada.

En todo caso, e en prexuízo de que as alegacións xa se teñen revisadas dende o punto de vista urbanístico cunha clara vontade de estimación das mesmas en todo o que sexa legalmente admisible, a resolución definitiva sobre a súa integración non se pode levar a cabo ata recibir o pronunciamento favorable da totalidade dos organismos sectoriais que deben informar o documento, pois dito pronunciamento pode condicionar esa vontade de estimación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Que explicación ten a Xunta de Galiza para que o trámite leve ano e medio estancado? Cando prevé a Xunta de Galiza responder as alegacións e continuar co trámite administrativo? Valorou a Xunta de Galiza as nefastas consecuencias que trae para Viana do Bolo a paralización tan prolongada da tramitación do plan básico?

Como se ten explicado no punto anterior, a tramitación do Plan básico municipal de Viana do Bolo non está paralizada senón que está a seguir o procedemento legalmente previsto.

En data 25.01.2024 solicitouse o informe preceptivo e vinculante a 17 organismos coas competencias sectoriais concorrentes.

No caso de seis deles aínda se está a traballar para dar solución ás deficiencias detectadas ou ás condicións impostas e dentro destes.

Nese senso, cobra especial relevancia o pronunciamento desfavorable da Confederación hidrográfica do Miño-Sil no tocante á dispoñibilidade de recursos hídricos e ao destino das verteduras de augas residuais, pois require que o Concello de Viana do Bolo, como titular das redes de abastecemento e saneamento impugnadas, leve a cabo obras nas infraestruturas e trámites perante a dita demarcación hidrográfica nos que a Xunta de Galicia non pode intervir ao non ser competente.

Valorou a Xunta de Galiza que o concello de Viana ten paralizadas as licencias dende o pasado 7 de febreiro do 2024?

Efectivamente, a Resolución do 23.01.2024 de aprobación inicial do PBM implica suspender o outorgamento de licenzas por un prazo de dous anos naqueles ámbitos nos que a nova ordenación do PBM altera a ordenación vixente.

Porén, os ámbitos afectados circunscribíense unicamente aos das catro delimitacións de solo de núcleo rural vixentes no Concello de Viana do Bolo (Seoane de Abaixo, Pontón – Barrio de Arriba, Pontón e Bouza) e, en todo caso, segundo consta no resumo executivo, a suspensión non afecta a:

- a) As obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- b) Ás licenzas de primeira ocupación.
- c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación deste, sempre que esta fose aprobada inicialmente.
- d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Vai seguir todo paralizado ou a Xunta de Galiza vaille dar continuidade e rematar dunha vez este plan básico que preocupa as veciñas e veciños de Viana?

A Xunta de Galicia traballa sen pausa en apoio do concello de Viana do Bolo de cara a poder acadar o pronunciamento favorable da totalidade dos organismos sectoriais competentes, para poder proceder á aprobación definitivamente do PBM á maior brevidade posible, sendo moi consciente da importancia territorial, social e económica que para un concello supón contar cun instrumento urbanístico que guíe o seu desenvolvemento no marco dun Urbanismo responsable”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:43:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:43:48
Nº Rexistro: 28803
Data envío: 16/07/2025 12:43:48,952

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 28320**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"os datos das vivendas do Instituto Galego de Vivenda e Solo no concello de Ferrol no relativo ao seu número, promoción, adxudicación, referencias catastrais, réxime de alugueiro, ocupacións ilegais, reparacións e reformas, solicitudes de inquilinos e inspeccións, así como adquisicións de bens inmobles pola Xunta de Galicia neste mesmo concello"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"No concello de Ferrol figuran 1.402 vivendas de promoción pública a nome do IGVS. Delas, 902 vivendas están adxudicadas en réxime como compravenda e acceso diferido, polo que pasan a ser de titularidade dos adxudicatarios unha vez amorticen a totalidade do prezo das mesmas. Son, polo tanto, vivendas propiedade dos adxudicatarios inda que aparezan a nome do IGVS mentres se están pagando.

Actualmente propiedade do IGVS son 551 vivendas, que se adxudican en réxime de alugueiro a través do Rexistro de demandantes de vivenda de Galicia.

A promoción das vivendas propiedade do IGVS corresponden a expedientes tramitados entre 1978 e 2017.

As calificacións definitivas das 551 vivendas propiedade do IGVS realizáronse entre 1984 e 2022, procedéndose de seguido á súa adxudicación.

Van a precisar reparacións e reformas un total de 18 vivendas para a súa habitabilidade.

Dende o IGVS traballamos arreo para asegurar ás persoas interesadas unha atención integral e de carácter resolutivo. Só neste ano 2025 atendéronse 13 reclamacións de arrendatarios, e hai outras 15 en trámite. Os inspectores de vivenda desprázanse cada semana ao concello de Ferrol a realizar o seu cometido, asegurando a maior proximidade e celeridade nas súas actuacións.

Doutra banda actualmente 16 se atopan ocupadas ilegalmente, das cales 10 vivendas contan cun expediente de desahucio en tramitación, 2 vivendas ocupadas están pendentes de inicio do procedemento e 4 vivendas están en fase de investigación.

Á pregunta de cantos bens inmobles adquiriu a Xunta de Galiza no Concello de Ferrol por virtude do artigo 267 da Lei de dereito civil de Galicia, a resposta corresponde á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio de la Consellería de Facenda".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/07/2025 13:01:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2025 13:01:17
Nº Rexistro: 29256
Data envío: 21/07/2025 13:01:17.290

CSV: BOPGDSPG-49sbEr8K-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

